



**Cambados  
a tradición oral**

# Cambados a tradición oral





## ----- INTRODUCCION-----


Este traballo é unha mostra de toda a tradición oral que poidemos recoller a traveso da investigación directa na zona de Cambados, e en especial da parroquia onde vivimos, Castrelo. Coordinada polos alumnos de 8º nivel, estivo centrada especialmente nas persoas de maior idade ás que dende aquí queremos agradecer-las atención prestada. Tratamos de averiguar todo o que se relacionaba coas tradicións e o saber popular arredor dos traballos, as festas, as diversións, a maneira de pensar e a vida mesma; os contos, os cantares, as adiviñas, os refráns, as creencias, etc.

Unha vez recollido o material fixemos unha ordeación que nos pareceu resultaba máis interesante de cara á presentación do traballo. Tentamos de xuntar aqueles datos que teñen algunha relación, aínda que sabemos que é moi difícil encaixar algúns refráns, ditos e cantigas por causa da variedade de interpretacións que poden ter.

O concello de Cambados está situado á beira do mar da Arousa e ten unha poboación aproximada de 13.000 habitantes repartidos en cinco parroquias: Cambados, Corbiñón, Castrelo, Oubiña e Vilariño. A súa economía está fundamentalmente baseada no mar (marisqueo, pesca de baixura e bateas) e no campo (viño, millo e produtos de horta). Garda importantes restos históricos (castros, torre medieval, pazos, cruceiros, etc.) o que contribúe á persistencia de moitas lendas e tradicións.

Castrelo-Cambados xuño de 1.986

**Alumnado de 8º nivel do Colexio Público de Castrelo**  
**Dirección e montaxe : Adela Leiro Lois**



**a historia**



# os lugares

## HISTORIAS SOBRE OS NOMES:

### CAMBADOS:

- Contan que cando os romanos andaban por esta comarca perdéronse na néboa e botaron un can ó mar pra que os gufara e berrábanlle "can vade" que quere decir "can vaite"; o can trouxoos ás praias de Cambados e por eso lle puxeron ese nome.
- Tamén se dí que o nome de Cambados procede de dous irmáns chamados Camba que foron os fundadores da vila.



O POMBAL: lugar de Fefiñáns, din que se chama así porque antes había alí un pombal moi grande.

A TERRA SANTA (Cambados): chámase así según a xente porque antes había un cementerio do tempo dos mouros.

A CARBALLEIRA:(Cambados) no sitio onde están agora as casas baratas había unha carballeira onde se celebraban as feiras de gando e que en outros tempos pertencera ó convento.

O CASTRIÑO: (Cambados);antiguamente había alí un castro pequeno que se foi desfacendo a forza de quitar pedras pra facer casas e rúas.

A CABANA (Cambados e Corbillón): contan que hai moitos anos había alí un pastor que coidaba os rebaños de ovellas na xunqueira de A Seca e vivía nunha cabana de xunco.

OS PAZOS (CAMBADOS): é unha zona onde sempre houbo moitas casas de señores.

O CONVENTO (CAMBADOS): alí houbo un convento franciscano moi grande mandado facer por devoción duns señores de Vilanova hai moitos anos.

O MERCADO (Fefiñáns): a xente aínda lle chama á praza por ese nome porque antes facíase alí o mercado tódalas semás.

A PRAZA DIARIA (hoxe das Rodas, en Fefiñáns): era onde se facía a praza tódolos días cando aínda non había edificio en Cambados.

PRAZA DA LEÑA (Fefiñáns): ó pé da anterior, era onde se vendía a diario leña e palla.

RUA DO ALBERGUE (Fefiñáns): din que ten este nome porque nos tempos en que había mercado en Fefiñáns a maior parte das casas desta rúa servían de albergues ós tendeiros.

RUA DAS NOVEDADES (Fefiñáns): estaba chea de tendas que ofrecían as novidades do mercado.

RUA DO CRUCEIRO (Fefiñáns): chamábaselle así á que iba desde a praza Diaria hastra o cruceiro que hai na entrada da praza de San Gregorio.

RUA DAS RODAS (Fefiñáns): Iba a dar á praia e chamábaselle así polas rodas dos cordeleiros que alí traballaban.

RUA DO ROLLO (Cambados): Contan que é unha das rúas mais vellas da vila e que antiguamente estaba alí o rollo ou picota no que se facía xusticia.

RUA DO CARACOL (Cambados): é moi torcida e din que ten ese nome porque vivían nela moitos mariñeiros e usaban unha buxina pra anuncia-lo peixe.

RUA DO HOSPITAL (Cambados): antes había alí un hospital de apestados e coléricos. A parte que iba a dar á alameda de Santomé chamábase rúa de San Roque por ser este o abogado da peste.

ALAMEDA VELLA (Santomé): estaba na Ribeira de Mouta e había varias ringleiras de árbores prantadas polos amos do pazo de Santomé igual que a alameda Nova.

#### CANTARES

-Viva Cambados que ten  
en cada esquina un farol,  
e no medio da praza,  
é onde se pon o sol.

-Cambados pra o seu mal  
ostenta con gran orgullo,  
en cada esquina un curial  
e cada ponte un garabullo.

-A curia de Cambados  
resolve con moita urxencia  
a base das boas ceas  
que sentan xurisprudencia.

-Noso monte da Pastora,  
a mellor prenda de nos,  
cortáronche o pelo a rape,  
adiós noso monte adiós.

-Cambados, terra de moita alegría,  
ten cincuenta mil tabernas  
e ningunha librería.

-De este pobo son venéras,  
escudos, togas, sotanas,  
peleas de regateiras  
e ruídos de campanas.

-Na aldeíña de Castrelo  
todas son costas arriba  
aldeíña con tanta meiga  
non a vin na miña vida

-As mociñas de Cambados  
son poucas e van a menos,  
todas valen a dez rás  
coma o xurelo pequeno

-Cantan os galos no porto  
as galiñas en Rianxo,  
para cantar e bailar  
mozas do Facho de abaixo.

-Miña Virxe da Pastora  
a das ovelliñas brancas,  
tírame esta espiña negra  
que se me cravou na alma.

-Ten Cambados a fama,  
do bo viño e augardente,  
das mulleres bonitas  
e dos homes valentes.

-Cambados ten unhas cousas  
que todo o mundo adorou,  
o Pósito, a Alameda  
e as mozas tomando o sol.

-Ole Cambados que tes  
en cada esquina un farol  
e no medio da alameda  
as mozas tomando o sol.

-San Benitiño querido  
acóllenos coas tuas mans,  
e lévamos a ese mal cura  
que temos en Fefiñáns.

-Si vas ó San Benitiño  
non vaías ó de Paredes,  
que temos un en Cambados,  
que é mellor que todos eles  
(ou que mexa por todos eles).

-Na aldeíña de Castrelo  
hai un carballo furado  
onde se sentan as mozas  
a rasca-lo condenado

-Subindo por un Carballo  
baixando por unha xesta,  
as mociñas de Cambados  
cheiran a mexo que apestan

-Deste pobo son veneras,  
escudos, togas, sotanas,  
peleas de regateiras  
e ruídos de campanas

-Polo mar vai un barquiño  
imos ver que xente leva,  
leva xente de Cambados  
xente de mala ralea

-O pasa-la ponte  
de San Adrián,  
veu un paxariño  
e picoume a man



## LENDAS

### A TORRE (Santomé):

- Contan que a illa fíxerona os mouros botando terra que acarrexaban en carros enriba das pedras que había no mar. Fixeron tamén o camiño de pasar e unha muralla de pedra con cunchas.
- Debaixo da Torre hai un pasadizo secreto que está tapado cunha pedra e non se sabe cal é. Tamén se dí que hai ouro e pedras enterradas.
- Na Torre había unha capela, uns din que estaba levantada enriba de vigas e hastra fai pouco os mariñeiros que pasaban por alí santiguábanse.
- No tempo das invasións dos vikings, os habitantes de Santomé vixiaban a costa desde a Torre. Contan que recibían señales feitas con fogueiras na Lanzada e despois eles avisaban á torres de Catoira. Nos ataques vikings queimaban as casas e mataban ás mulleres, por eso agora a Torre está desfeita.




### O SERRIDO (Santomé):

- "Desde o monte Oliveira (Lobeira) hastra o areal dos cabalos (Serrido), hai unha cadea de ouro que mantén a sete reinados. Soio a pode descubrir ou rodeira de carro, ou pata de ovella, ou home que naza en mala estrela."
- Contan que fai moitos anos se atopaban restos de paus enterrados porque cando era o tempo dos mouros o Serrido estaba en seco e alí prantaban cepas.



### SANTA MARIÑA (Cambados):

- Contan que o tellado da igrexa caeu por castigo a un sermón de Semana Santa no que se dixeron moitas barbaridades.
- Os arcos das ruínas non caen porque están apegados co sal que saía das factorías de salazón de sardiña que había en Cambados cando se fixo a igrexa, e ese sal misturado coa grasa do peixe fai moita resistencia.



### A PACHECA (Cambados):

- Alí vivía antiguamente un culebrón moi grande que gardaba un tesouro. Cos cartos dese tesouro pagouse a construción do convento de San Francisco de Cambados.

### PAZO DE MONTESACRO (Santomé):

- Din que as paredes son tan gordas porque nelas emparedaban á xente.

### LENDAS RECOLLIDAS EN CAMBADOS SOBRE OUTROS LUGARES

#### ARMENTEIRA:

- Erase unha vez unha críada e un monxe que vivían no mosteiro da Armenteira. Un día a críada foi buscar auga ó pozo e o monxe matouna. O sangue da críada caeu sobre unha pedra que estaba fronte ó pozo. Din que este sangue aínda está alí grabado e calqueira enfermo que a toque sanará.
- Un monxe saleu do mosteiro ás fincas e sentouse nunha pedra xunto ás árbores. Un paxaro púxose a cantar e o monxe quedou trescentos anos mirando pra el e escoitando o seu canto. Cando volveu ó mosteiro xa tódolos monxes eran novos e non o conocían.

-Din que no Mosteiro de Armenteira había un pozo sin auga onde metían á xente viva e atábana de maneira que lles caía unha pingueira de auga continuamente na cabeza. Tíñanos varios días sin comer nin beber e a pingueira que lles caía na cabeza acababa por facerlles un buraco hastra que morrían.

#### AMIL:


-Contan que no monte da Virxe dos Milagros hai unha fonte e alí aparécese a Virxe a un home que estaba coxo e díxolle que mollara a perna con auga daquela fonte. O home curouse.

#### A LANZADA:

-Contan que de ano en ano a Virxe da Lanzada aparécese nunha pedra e alí onde aparece deixa a súa cama.

#### A TOXA:

-Na illa da Toxa había unha poza grande con auga. Uns homes do Grove levaron alí un burro que estaba enfermo e abandonáronno pra que morrera. Á volta, duns anos os homes volveron á illa pensando que o burro estaba morto e atopáronse con que estaba vivo, gordo e san. Así foi como descubriron o manantial da auga e a mandaron analizar. Fixeron unha fonte e desde aquela os enfermos van á Toxa a curarse bañándose naquelas augas.



# os montes

## LENDAS

### MONTE DO CASTRO(Castrelo):


- Cóntase que o castro está minado e que as minas fixéronas os mouros. A mina mais grande ten divisións e unha delas vai dar ós Salesianos.
- "Desde o monte de San Les (CASTRO) hastra a veiga de Arán, sete tinallas de ouro estarán e sete de veneno; se se atopan as de ouro toda a parroquia será rica e se se atopan as de veneno todos morrerán."
- Cóntase tamén que os labradores poñían unha pedra na grade que estaba grabada indicando onde estaba o ouro. Eles non se daban conta e agora non se sabe nada da pedra.
- No monte do Castro había unha pedra que facía unha cova debaixo e agora está caída. Nela concerábanse as parellas.
- Os perseguidos nos tempos da guerra agachábanse nas minas e no monte. Tódalas minas da parroquia iban dar ó monte do Castro e no medio había un sitio onde se xuntaban todas. Unha destas saía debaixo do cimiterio.
- Din que hai un túnel entre o monte do Castro e os Salesianos e alí vive un dragón que vixía un tesouro moi valioso.
- Contan que no monte do Castro hai unha mouroa e que cada cen anos saía a namorar a un home. O home iba detrás dela e despois pecháballe a porta e deixabao quedar dentro.
- Din que no monte do Castro hai unha mouroa que sale de mil en mil anos. Un día que saleu atopouse cun home e conveñeuno pra que fose con ela. O home sigueuna e ela explicoulle que se atopaba as sete tinallas de ouro todos serían moi ricos e se atopaba as sete tinallas de veneno todos morrerían. Desde aquela o home non volveu a aparecer.

### MONTE DO OUTEIRO (Castrelo):

-No monte do Outeiro hai unhas pedras grandes con pías. Dícese que alí bautizaban ós meniños. Debai-  
xo dunha pedra hai un túnel que vai dar ó monte do Castro.

### MONTE DA PASTORA (Cambados):

- Alí viviron os mouros e desde o monte dirixían as maniobras da Torre de San Saturniño.
- Hai unha cova que vai dar á Toxa pasando por debaixo da Torre e nun pozo que hai no Serrido foi on-  
de rompeu. Agora está anegada e non se pode pasar por ela.
- Desde o monte da Pastora hai un túnel hastra América, pero non se pode pasar porque hai unha cova  
na que están os mouros.
- Contan que no tempo en que o demo tentou a Xesús subeuno ó Calvario (parte outa do monte da Pasto-  
ra) e mostrándolle a riqueza que había na zona díxolle "Todo el mundo te dará, menos Fefiñanes, Cam-  
bados y Santo Tomé".



### MONTE DA GREMLA ou CON DAS SETE PÍAS (Vilariño):

- Contan que no Con das Sete Pías viviron os mouros. Está minado e debaixo del hai unha cadea de ouro  
enterrada que vai dar hastra o monte de Lobeira.
- Tamén din que hai outro túnel hastra a Toxa e por el pasa unha cadea de ouro.
- Contan que debaixo do Con atopáronse cartos, monedas de ouro e restos de animais.
- Cando vivían alí os mouros e tiñan que mandar algunha mensaxe ós que vivían no monte Lobeira atában  
un papel escrito a unha flecha e lanzábanlla. A flecha sempre iba dereita a Lobeira.

-Cada vez que nacía un meniño había que quitarlle un pouco de sangue e botalo nas pías pra que se crfase ben.

-Desde o Con das Sete Pías hastra o Con da Moura os romanos enterraron unha cadea de ouro. Moitos homes quixérona desenterrar e non puderon.

-O Con está cheo de Pías que comunican unhas coas outras e nos tempos antigos os mouros facían alí sacrificios co sangue dos animais.

## os cons

### LENDAS

#### CON DE AGRELO (Castrelo):

-Está no camiño das Quintáns. Contan que había unha cruz enriba e o con foi medrando hastra tapala. Outra versión dí que se trata dunha pedra que naceu no medio dunha terra e cando era de tamaño mediano puxéronlle unha cruz enriba. A pedra foi medrando e a cruz quedou tapada; dentro hai ouro e unha moura. Abrése cada ano ás doce da noite de San Xoan e debaixo del hai un tesouro de espadas e ouro dos tempos dos mouros.

#### CON DO RAMO (Castrelo):

-Agora xa non existe. Estaba á caída do Castro cara ó Adro e tiña un encanto: aparecía unha moura peiteándose cun peite de ouro.

#### CON DA MOURA (Vilariño):

-Din que está á veira do río en Cobas de Lobos. Hai un pozo moi grande debaixo e ten unha cadea de ouro que canto mais se tira dela mais vai pró fondo.

#### CON DO PATON (Vilariño):

Está ó pé do Con das Sete Pías. Debaixo hai unha cobra moi grande, uns din que ten sete cabezas e outros que ten sete rabos.

#### CON DO RAPOSO (Vilariño):

-Din que está tapando a entrada dunha mina dos mouros.



# as fontes e minas

## LENDAS E CREENCIAS

### A FONTE CORUXA (Castrelo):

-Unha vez pasou por alí un home e apareceuselle unha maroma cunha buxina na man. Como a buxina era tan bonita o home púxose a mirar pra ela, sacoulla e levouna prá súa casa. O chegar á casa ensinoulla á muller e díxolle "mira que cousa máis bonita che traio". A muller colleuna e púxose a tocala e deseguida empezou a escoitar que lles apedreaban a casa. Díxolle o home "mira o que fixes por toca-la buxina, estannos tirando pedras á casa". Saleu ela fora a mirar e quedou sorprendida ó ver que non lles estaban tirando pedras sinón monedas de ouro.

### FONTE DAS CUNCHEIRAS (Castrelo):

-Hai unha fonte que está perto da praia e chámalle a fonte dos ollos porque según a xente cura calqueira enfermidade da vista, ademais de ser unha auga moi fresca e rica pra beber. Unha vez un home da parroquia estaba cego dun ollo e unha muller conocida mandouno que fose á fonte a coller unha botella de auga e que a bebera polo camiño de volta. Cando o home chegou á porta da súa casa empezou a ver ben e desde aquela toda a xente vai a curarse dos ollos a esa fonte.

### FONTE DE NIN (Castrelo):

-Está nas Quintáns e ten un encanto. Está moi escondida entre piñeirais e é moi pequena. Fai moitos anos unha muller vella e cega foi beber desa auga e pouco a pouco foise curando. Canta máis auga bebía mellor vía e foille decindo a toda a parroquia que aquilo era un milagre.

### OUTRAS MINAS DE CASTRELO:

-No Couto de Abaixo hai unha mina feita polos mouros. Foron dar coa auga e agora fai de fonte e chámalle o Río da Mina.

-Hai outra mina en Castrelo que vai dar ó monte da Cuca e a moitos sitios máis, nela vivían os mouros.

-Tamén din que hai minas de auga do tempo dos mouros entre o Con de Agrelo e Rial de Corvos e outra na da Capitana.

### FONTE DO REXEDOIRO (Oubiña):

-Está no límite con Tremoedo e alí facían remedios e bruxerías as meigas.

### MINA DE SAN RAMON (Oubiña):


-Estaba na eira da casa onde está a imaxe do San Ramón. Era unha mina moi grande con dazaoito pasos pra baixar. A xente iba busca-la auga pra remedios, especialmente prás mulleres preñadas pra ter un bó parto.

### FONTE DE BEXAN (Cambados):

-Din que alí se xuntaban as meigas a noite de San Xoan e ceaban e bebían xuntas. Pasaban a noite cantando e bailando co demo e remataban bañándose nas augas da fonte ó amanecer e logo desaparecían.

### FONTE DAS SAMESUGAS (Corbillón):

-Está no Río da Ucha. A xente iba buscar alí a auga pra curarse nos tempos da peste de cólera.



## os cruceiros


### TRADICIONS E CREENCIAS

-Cando os barcos non pescaban iban a facer remedios ós cruceiros: botábanlles sal, iban mulleres vestidas de branco a facer ritos e deixaban alí cousas. (Facíase nos cruceiros de Santomé e Santa Margarita).

-Iban mulleres vestidas de branco pola medianoite a facer ritos, rezar e darlle bicos ós cruceiros. (Fefiñáns e Refoxos).

-Había o costume de adorna-los cruceiros no mes de maio e o día da Santa Cruz con xestas e outras prantas (Santomé e A Bouza de Castrelo).

- Cando un neno se retrasaba en andar ó pasar do seu tempo levábano a un cruceiro e facíano dar voltas cun pau na man e collido da súa nai. Tiña que facerse sin falar con nadie ás doce do mediodía mentras a campá tocaba a oración. Recollemos o seguinte refrán: "As doce a dar, meniño a andar" ou "Campá a tocar, meniño a andar". Unha cousa parecida facíase tamén cos nenos tatalexos ou que se retrasaban en aprender a falar. (Cruceiros de Santa Margarita, Fefiñáns, Santomé, Os Pazos e A Carballeira en Cambados; Lourido e O Outeiro en Castrelo; Xieles e A Chileta en Corbillón; Campo da Vila e a Cruz en Oubiña; A Corniña e O Cruceiro en Vilariño).
- Tamén era costumbre depositar ó pé dos cruceiros donativos prá igrexa nos tempos das colleitas (A Carballeira, en Cambados).
- As meigas iban ós cruceiros a medianoite a facer remedios pra curar e sacarlle o meigallo a alguén. Queimaban cousas do enfermo en olas ou tellas de barro, poñían faroles e daban voltas con velas na man (Con do Ramo, O Adro e Os Canizos en Castrelo; O Ribeiro e A Chileta en Corbillón e O Culebrón en Vilariño).
- Tamén se dí que ó pé dos cruceiros en terreos baldíos enterraban nenos sin bautizar que nacían mortos ou de malpartos, sobre todo os fillos de mulleres solteiras que querían garda-lo segredo. (Os Canizos en Castrelo; Xieles e A Chileta en Corbillón; O Culebrón en Vilariño).
- Algunhas persoas mandaban facer cruceiros pra que lles perdoasen un pecado cometido, sobre todo cando era unha morte ou roubo. Contan que o cruceiro de Fornos en Vilariño mandouno facer un home que era criado dun que roubara no Convento da Armenteira.





**as festas**

## o antroído

### REFRANS

- As pascuas con quen quixeres, os Antroidos coas vosas mulleres.
- O Antroído coas súas artes botou a San Matías fora do Martes.

### TRADICIONS

O ENTERRO DA SARDIÑA: fai moitos anos preparábase un antroído vestido con trapos vellos e recheo de palla cunha careta de trapo. Poñíano nunha angarella coma as dos santos e seguían en procesión con velas encendidas, música, campaniñas, sarténs e tarteiras vellas, caldeiros e botellas. Detrás do antroído iba un vestido de cura protestante e pronunciaba un discurso de burla en cada praza que paraban. Iban rezando responsos e letanías e remataban queimando o muñeco á vez que o despedían cantando esta copla:

- "Adiós meu antroído,  
adión meu entroidiño,  
hastra o Domingo de Pascua  
non comerás máis touciño"

Facíase no mércores de ceniza pola noite,

Os nenos e algúns maiores disfrázanse de choqueiros e van polas rúas con paus nas mans meténdose coa xente. Entran nas casas e danlles chulas, filloas, rosquillas, orellas e outros dulces.

### CREENCIAS

O martes de antroído non se pode andar con agullas porque te picas con elas.

Si se anda coa peneira ándase arredor e da mala sorte.

Tampouco se pode traballar na terra porque non nace o froito. Se se parrea neses días desátanse as bimbias.

Non se pode retorcer-la roupa.

## a pascua

E costumbre que os padriños regalen roscas e bolos de ovos ós afillados.



## -o maio-

### \_\_\_\_CREENCIAS\_\_\_\_

-Ponse unha rama de xesta (Flor do maio) nas portas das casas, nos barcos, nos coches e nas cuadras dos animais pra que non entre o maio nin collan o meigallo.

### \_\_\_\_CANTAR\_\_\_\_

-O mafño maio é moi pillabán,  
quere que lle metan os cartos na man,  
pra face-lo maio tuvemos que roubar  
flores e fiúncos na casa de San Blas.  
E veu San Blas cunha zapatilla,  
e ffoxonos correr hastra a de Corbatilla,  
e veu Corbatilla cunha pistola  
e ffoxonos correr hastra a de cacholas.

Era costumbre que os nenos fixeran maíos con plantas e flores e cantaran coplas.

## -san xoan-

### \_\_\_\_CREENCIAS\_\_\_\_

E costume face-la auga a víspera pola tardiña e deixala toda a noite a serenar pra lavarse despois con ela e purificarse. A auga faise cunha mistura de herbas de bo aroma que teñen que ser pañadas antes de que se meta o sol: ruda, herba lúsa, fiúncho (ou anís), manzanilla, chuchameles, malva, menta, (caste-lá e gal ega), follas de limoeiro e de viña de uvas brancas, carrasquilla, romeu, emponxos, poeños, etc.

Pola noite fanse as fogueiras e xúntase a xente arredor delas pra espantar a bruxas e meigas e purificar-se das tentacións e quedar inmunes contra a envexa. Nesa noite desaparecen moitas cousas das eiras e cóllennas pra queimar. Tamén era costumbre hai anos que se formasen pandillas de mozos polos camiños e se adicasen a facer falcatruadas, cambear cousas e letreiros de sitio, pintar rótulos, arrancar cancelas, escapar cos carros, facer porcalladas nos cacharros que a xente deixaba coa auga de San Xoan, atrancar portas, meterse coas mulleres que consideraban meigas, etc.

As meigas xuntábanse na fonte de Bexán a espera-lo demo, pasaban a noite bailando, recitando responsos, ceando e remataban bañándose na fonte e revolcándose na area. Cando amanecía separábanse.

Facíanse fogueiras de sabugueiro pra que os animais e librarian da peste (tiñan que dar voltas nelas).

**-O BAILE DO SOL:**

Na mañá do día 24 e no momento de saí-lo sol era costumbre coller un pano de seda e mirar a través del para velo bailar.

**-ADIVIÑA-LO DESTINO:**

Na noite de San Xoán hai que poñer na capa do piorno unha clara de ovo a serear, antes de que saia o sol haina que ir mirar e asegún a forma que teña será o destino de cada un. Se ten forma de barco é que vai facer unha viaxe, se semella unha caixa é que alguén vai morrer e se ten forma de igrexa o de anelos é que alguén vai casar pronto.

**CONTAR ESTRELAS:**

Se se contan estrelas na noite de San Xoán ó día seguinte nacen espullas

**AS MEIGAS:**

Na noite de San Xoán as meigas xúntanse para facer bruxerías nos cruces dos camiños que teñan tres saídas. Contra as meigas hai que botar sal na fogueira, eso fai que fuxan e non fagan mal a ninguén.

**OS CARBONS:**

Contan que na mañá de San Xoán, cando os pastores fan para o monte coas ovellas aparecíanse-lle cachos de carbón que semellaban osos queimados. Os pastores saían ese día das súas casas moi cedo para ver baila-lo sol no ceo. As súas mulleres botaban as prendas de lá (mantas, alfombras, colchas...) que tiñan gardadar a airear antes de que saíra o sol porque así a brasa non lles picaba a roupa.

**AS ESMOLAS:**

O día de San Xoán toda a xente lle leva esmolas para que a colleita sexa boa

**AS VENTAS:**

O día e a noite de San Xoán a xente pon monllos de centeo e millo nas ventás das casas para que lle traía boa sorte para as colleitas e aparte o mal de ollo.

----- REFRANS -----

- O día de San Xoaniño, vin o meniño
- O día de San Xoanás, vin ó rapás
- San Xoán, San Xoanás, o mes en que nace o rapás
- San Xoán, San Xoaniño, bota fóra este meniño
- San Xoán, San Xoanciño, dinche sempre que andes dereitiño
- Quen aúna no San Xoán ou é tolo ou non ten pan
- Na noite de San Xoán andan os tolos (ou os probes) pedi-lo pan, e na noite do ceboliño andan os vellos a pedi-lo viño.

- Polo San Xoán, calquera burro gaña o pan
- Pola festa de San Xoán, andan os probes a pedir pan
- O Día de San Xoán molla o viño no pan
- Polo San Xoán bébese viño e cómese pan
- Polo San Xoán come sardiñas e tira pedriñas
- No San Xoán deixa o touciño e come pan
- Polo San Xoán auga fervida con pan
- O Día de San Xoán as fogueiras acesas están
- O Día de San Xoán fogueiras ó chan
- Fogueira de San Xoán, que non a pase cadela nin can
- En San Xoán encéndese a fogueira e canta o can
- As trampas de San Xoán por onde veñen van
- As trampas de San Xoán salen pola man
- Polo San Xoán déitase cedo para lava-la cara pola mañá
- Polo San Xoán baila o sol no chan
- O peixeiro trae peixe, o panadeiro trae pan e as trasnadas San Xoán
- Polo San Xoán andan coa gaita na man
- Polo San Xoán uns veñen e outros van
- En San Xoán pés na cama, pé no chan
- Polo San Xoán os trompos bailarán
- En San Xoán trompos no chan

----- CANTARES -----

- As mañás de San Xoán  
non sei por onde van,  
as mañás do outono  
marchan co pretón

- Antes da festa  
compra unha ran,  
mantenna ben,  
comerémola polo San Xoán

- San Xoán e a Magdalena  
foron ós limóns,  
debaixo dos limoeiros  
perdéron os calzóns

- San Xoán e a Magdalena  
fóron xuntos a pasear  
pedéronse no camiño  
sabe Deus onde andarán

- Viva a noite de San Xoán  
fóra a noite da bruxería  
!meigas e bruxas fuxiron  
ó ve-la nosa festería

- San Xoán, San Xoán  
dame (ou axúdame) coa túa man,  
que as bruxas xa se van  
e con elas me leván



## CANCION

-Día de San Xoan alegre,  
meniña vaite lavar,  
pillarás auga do paxaro  
antes de que o sol raia.  
Irás ó abrente do día  
a auga fresca catar,  
da auga do paxariño  
que saúde che ha de dar.

Corre meniña, vaite lavar,  
alá na fonte te has de lavar,  
e a fresca auga desta amanecida,  
cor de cereixa che ten que dar.

Se arraiara, se arraiara,  
tódalas meigas levará,  
xa arraiou, xa arraiou,  
tódalas meigas levou.

Peladas eran, peladas serán,  
tódalas meigas que andan polo chan.  
Peladas son, peladas eran,  
tódalas meigas que andan pola terra

## difuntos

-Non se pode ir de noite ó cementerio porque andan as ánimas.

-E costumbre entre os rapaces poñer cabazas valeiras con velas dentro pra asustar ós que van de noite ós cementerios ou andan polos camiños. (Pensan que son calaveras).

-Os nenos acostumbran tamén a ir pedi-lo difuntiño e en cada casa danlle algo: espigas, mazáns, castañas asadas, cartos, etc.

## os santos

-A xente acude ás romerías dos Santos, especialmente a San Benito a ofrecerse pra curarse de enfermidades ou pra quita-lo feitizo.

## C O N T O S

-Unha muller que tiña as mans cheas de espullas ofreceulle a San Benito tódolos polos que lle dera unha galiña. O cabo dunhas semanas empezouse a curar e a galiña púxolle catorce ovos dos que saíron outros tantos pitos. O ve-la muller que os pitos eran tan bonitiños díxolle a San Benito que os polos que lle ofrecera xa llos daría noutra ocasión. Pero esa ocasión nunca chegou porque cada vez que a galiña sacaba mais polliños á muller volvíanlle a parecer bonitos e deixaba o ofrecemento pra outra ocasión. O ver San Benito que a muller non lle facía as promesas volvéronselle a enche-las mans de espullas e morreron a galiña e os polos.

-Unha muller tiña unha galiña que non criaba e ofreceulla a San Benito decindo que lle daría os polos que sacase. A galiña sacou trece pitos e a muller mandoulle ó marido que lle levase ó santo os polos de outra. A volta duns días morreu a galiña e mais os pitos.

-Era unha vez un mariñeiro que andaba solo no mar e botouse enriba un temporal. Atopouse tan mal que empezou a pedir polos santos:


-!Ai Virxe do Carme, axúdame!

-!Ai San Roquiño do can me vaía! ...

E cando xa non lle quedaba ningún santo ó que lle pedir foi e dixo:



-!Ai San Benitiño de Lérez, axúdame aínda que sexas da competencia!.

-Unha muller ofreceulle un carneiro a un santo por un bulto que tiña na cabeza. Prometeulle que lle había de mandar o mellor carneiro que parira a ovella. Cando naceu o máis grande e empezou a medrar a muller volveuse atrás e o día da procesión en vez de levar o que prometera levou un pequeno con intención de aproveita-lo outro pra vender. Despois de dous días apareceulle o carneiro que levara na casa e volvéulle a saír o bulto que tiña curado e morreu a causa del.






**o mar**



# —os peixes e mariscos—

## REFRANS

- Peixe con ollos á caixa
- Peixe con ollos ó caldeiro ou todo o que teña ollos ó caldeiro.
- En xaneiro a faneca sabe a carneiro.
- Xaneiro piardeiro.
- A solla en abril, cóllea na man e deixaa ir.
- Cando o trigo vai louro, o muxe vale ouro.
- A muller e a sardiña canto mais pequena mais fina.
- A muller e a sardiña por pequeniña xeitosiña.
- A muller e a sardiña canto mais pequeniña mais xeitosiña.
- En abril a sardiña val pernil.
- Por San Xoan a sardiña molla o pan.
- Por San Xoan a sardiña pinga no pan.
- Por Santa Mariña pinga a sardiña.
- Sardiña que o gato leva, perdida está.
- A candorca leva ou trae.
- Onde haxa boa pesca gaivotas verás.
- O peixe grande sempre come ó pequeno
- O peixe morre pola boca. Pola boca morre o peixe.
- A carne carne crífa, o peixe auga frífa.
- O home e a pesca ós tres días apesta.
- Folla na figueira, muxe na ribeira.
- A balea é un animal de moita chea.
- Balea no mar, a pescar.
- Os mariscos queren viño, pois da auga xa veñen.
- Os mariscos queren viño, pois de auga xa veñen cheos.
- O percebe e o salmón en maio están en sazón.
- Ano de ameixas ano de queixas.
- Camarón que se dorme lévao a corrente.
- Con pacencia e con saliva, un cangrexo comeu unha xiba.



- Berbirichiños da veira do mar, o que os queira que os vaia apañar.
- Ameixiñas sí, ameixiñas non, o que as queira que baixe o riñón.
- Ameixas e longueirón, gánase ben o patacón.

### \_\_\_\_\_DITOS\_\_\_\_\_

- Mala centola te coma
- Dar máis traballo que facerlle un pantalón a un pulpo.
- Estar cheo coma unha nécora ou coma un centolo.
- Ter bigote de camarón.
- Ser coma un felpudo ou coma un rañote (pequeno e redondo, peludo...)
- Ter labios de maragota.
- Ter boca de rabadá ou de lorcho.
- Calarás arroás (fala moito, boca grande...)
- Apégarse coma as lapas.
- Poñerse encarnado coma un escacho.
- Ser coma un ourizo (bravo)
- Ser bo peixe (boa peza, bó elemento)
- Ser coma os peixes de color (fino, boa peza...)
- Ser peixe de cocer en branco (fino e delicado)
- Ecurrirse coma unha anguía.
- Cambear de color coma un pulpo.
- Hinchar coma un chopo.
- Roncar coma un sanmartiño.

### \_\_\_\_\_ADIVIÑAS\_\_\_\_\_

- Nace no mar, morre na terra, sóplaselle e berra. (A BUXINA)

### \_\_\_\_\_CANTAR\_\_\_\_\_

- O cura de Ons foi ós mexilóns,  
dou unha trompada e rompeu os calzóns.


# os barcos

## REFRANS

- Barco grande, ande ou non ande.
- Barco veleiro fondeado se pesca.
- Barco á sonada, anda de carallada.

## DITOS

- Fálame de barcos (cambiar de conversación)
- Problemas ó puente (non molestes, arregla os problemas en outro lado)
- Faime contas enriba da tilla (contas claras e rápidas)
- Toma-lo folio cambiado(confundir, toma-lo pelo)
- Tumbarse coma unha dorniña polveira (cando unha moza da facilidades)
- O peixe é mais grande que o barco (moito pra un barco ou unha persoa)
- Ir o aparello á hélice (contratempo, algo que non se espera)
- Non ver a boia nin os toletes (andar despistado)
- Presentamos no rol(tracer probas craras).



## ADIVIÑAS

- A ola é de madeira, as trébedes son de auga, e a carne que leva dentro está viva e fala (O BARCO).
- Anda co vento e labra sin regos (O BARCO).
- ¿En que se parece un ladrón a un barco? (OS DOUS ATRACAN).

## CANTARES


-Pasei a ría de Arousa  
nunha barquiña de vela,  
non vin cousa mais bonita  
nin penso volver a vela.

-Sabela vai na vela  
e Ramón vai no timón,  
Lorenciño o pequeniño  
vai tocando o acordeón.

## faenas e aparellos

### REFRANS

- Non hai mellor rede que a que pilla o peixe.
- Por San Blas, aparellos pra atrás.
- A rapeta quere seca, o xeito quere xeito.
- O xeito quere xeito, a rapeta quere seca e o bou quere ocasión.
- Ó bou non vou.
- Nin en agosto camiñar nin en decembro navegar.
- San Francisco trae a vela, San Xosé lévaa.
- Mar ancho, colchón de navío.
- O axexo un conexo, á lusada carallada.



### DITOS

- Vir á gaivota ou andar á gaivota (aproveitar o que outros descubriron ou fixeron).
- Meteuse o arau na cala (contratempo, ou cando alguén entra e desfai unha reunión)
- Levar un calote, un capote, un bo polvo, un blanco... (contratempo, non pescar)
- Face-la trampa da nécora (enganar poñer unha trampa)
- Ter rolo de varadero (lingua de terra, cuento, falsas noticias...)
- Andar ó raqueo (conformarse con pouca pesca ou con poca cousa)
- Aboia o seno (cando se dan lances grandes, boa pesca)
- Has de vir á cala, has de picar, xa picarás (esperar ocasión).

## CANTARES


-Cando veño do axexo, cando vou para a luzada,  
quérote ver rianxeira, sempre no muelle sentada.



# o tempo

## REFRANS

- Cando a barbuxán se enche de touca, temos auga, moita ou pouca.
- Ceo amartillado, vento Sur declarado.
- Vento de tronada, amor de putas.
- Tornada polo Leste, vento Sur ou Noroeste.
- Nordeste escuro, vendaval seguro.
- Norte escuro, vendaval seguro.
- Portugal craro, vendaval declarado.
- Ourizo á praia, vendaval á vista.
- Bicho pola tarde, vento contrario pola mañán.
- Vento do Norte e auga da ría, carallada pra todo o día.
- A muller e mailo vento cambian nun momento.
- Año de ventos ano de medos.
- Gaivotas á terra mariñeiros á merda.
- Borrasca polo mar, vellos a asollar.
- Ribeiras polo mar, vellos a asollar.
- Ribeiras pola terra, vellos á merda.
- Despois da tormenta ven a calma.
- Lúa arriba, seca corrida.



## DITOS

- Ser coma o vento de néboa (inestable, que cambia de opinión).
- Vai voa-lo Beiró (mal tempo, do Sur, espérase que vai pasar algo gordo).

## CANTARES

- Vento ventinho do norte,  
  vente ventinho mareiro,  
  vente ventinho do Norte,  
  serás o meu compañeiro.

- Vento ventinho do mar,  
  vento non che teño medo,  
  que anque me leve-la gorra,  
  tamén sei andar en pelo.

# —os mariñeiros—

## REFRANS


- Mariñeiro coma teu tío, pescador coma o teu abó.
- Na terra galo e no mar galiña.
- O que non se arrisca non pasa o mar.
- Bo mariñeiro sempre naufraga.
- Tripulante novo, tormenta ou capote.
- Onde hai patrón non manda mariñeiro.
- O pulpeiro pouco diñeiro.
- Cando ó mariñeiro lle dan de beber, ou está fodido ou vanno foder.
- Cristo ganado, Cristo papado.
- O mar o da, o mar leva.
- Polas marcas vaise ás boias.

## DITOS

- Hache de acorda-la allada.
- Moita lengüiña mariñeiriño.
- Xa cairás á man, deixa que xa, has de picar (esperar ocasión).
- Ter unha vista coma un mascato.
- Ser mariñeiro de auga dulce.
- Chopo non chopo, rede ó mar (intentar sempre aínda que se fracase).
- Cantas me comes (¿canto queres?)
- Pra mariñeiros nos. (presunción)
- Has de ir ó mar da marola (aínda que poñas interés hache de costar traballo).
- Fálame da Toxa (cambiar de tema)
- Andar aboiado, non ve-la boia (despistado)
- Tragouno como un corvo a unha solla (un farol, unha mentira)
- Anda o ganador na costa (cando alguén gasta de mais)

## SEMANA DO MARIÑEIRO:

- Luns de carallada (ou de jarana), martes mala gana, mércores tormenta, xoves mala venta, vernos traballar, sábado cobrar (ou pescar) e domingo descansar.



## C ANTARES

-Nosa Señora da Guía  
guía dos mariñeiros,  
guíame a miña cuadrilla  
toda de mozos solteiros.

-Os mariñeiros traballan  
todo o día sin cansar.  
Despois din que o peixe é caro  
cando o teñen que comprar.  
Non saben eses señores  
que se queixan por pagar,  
que sufrimentos pasamos  
para podelo pescar.

-O mariñeiro cando vai pró mar,  
leva a patela debaixo do brazo,  
porque na cabeza non a vai levar.

-O mariñeiro cando vai pró mar,  
sabe a que hora vai saír  
pero non á que vai chegar.

-Dous anceios (ou amores) no meu peito  
viven para o meu pensar,  
o da mocinha que quero  
e o do traballo do mar.

-Para ser bo mariñeiro  
tres cousas has de saber,  
conoce-lo mar e os barcos  
e non ter medo a morrer.

-A muller do mariñeiro,  
cando el sae pró mar,  
se viúda non queda  
viúda pode quedar.

-Non te cases cun ferreiro  
que é moi malo de lavar,  
cásate cun mariñeiro  
que ven lavado do mar.

-O mariñeiro traballa  
de noite coa luz da lúa,  
da gusto velo entrar pola porta  
cheirando a frescura,

## C REENCIAS

-Cando había ratos a bordo ou o barco non pescaba había que mallalo con estrugas.


-Pra que houbera boa pesca os mariñeiros mandaban ás mulleres a facer remedios ós cruceiros ás doce da noite, vestidas de branco coma pantasma. Facían ritos, queimaban cousas e botaban sal.

-O día de difuntos non se debe ir ó mar pra non coller mortos ou restos de mortos nas redes.

-Conta a xente que cando morre alguén afogado aparece aboiando á volta de nove días porque lles estoupa a bolsa do fel.

-Os difuntos que se recollen no mar sangran cando se acerca alguén da súa familia.

-Cando a tapa da caixa caía dentro daba mala sorte. Tamén da mala sorte si ó ir pró mar se atopa un cura ou unha meiga.



**o campo**

# o viño

## REFRANS

### A VIÑA:

- O vello pon a viña, o mozo vendímaa.
- Nin viña no baixo nin trigo no cascallo.
- Coida a viña e terás vendima.
- Non teñas viña nun rincón nin casa nuncantón.
- Nin mal veciño nin viña ó pé do camiño.
- Casas cantas mores; viñas cantas podes.
- O que non ten casa nin viña en calqueira sitio se aveciña.

### A PODA:

- Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.
- O que en marzo non poda perde a vendima toda.
- O que en marzo non poda a viña perde a vendima.
- Quen en marzo non poda a sua viña perde a vendima.
- A viña do bo amo pódase no marzo; a viña do ruín pódase no abril.
- En abril xa soio poda o labrego ruín.
- Podarás tarde, sementarás temperán e collerás viño e gran.
- Poda en marzo, vendima no regazo.

### AS CAVAS:

- Dame unha, dame tres, pro sin a de maio non me deixés.
- Cávame tarde e bímame (arréndame) cedo e pagareiche o que che debo, díxolle a viña ó labrego.
- O meu veciño ten unha viña, el a cava, el a bima, el a vendima.
- Quen co demo cava a viña co demo a vendima.





## A VENDIMA:

- Vai ver se a tua viña reluz o día de Santa Cruz.
- Por Santa Mariña mira a tua viña, así como a verás así vendimarás.
- Por Santa Mariña vai ve-la tua viña, como a terás así vendimarás.
- Co tempo nacen as uvas, co tempo estarán maduras.
- Co tempo nacen as uvas, co tempo còllense maduras,
- San Miguel das uvas, tarde ves e pouco duras.
- Polo San Miguel mete as uvas no tonel (ou o viño)
- Amoria madura, pinta a uva.
- Polo San Mateu cada un vendima o seu.
- Polo San Mateu, vendima tñ vendimo eu.
- Vendima no regazo aquel que poda no marzo.
- Vendima enxoiro se queres coller bo mosto.
- Collerás viño e mosto se vendimas enxoiro.
- O que en ruín lugar pon a viña ó lombo saca a vendima.
- O medo garda a viña e non quen a vendima.
- Na viña de outro ninguén pode ir escoller.
- Na viña vendimada calqueira pode ir vendimar.



- Non por moito vendimar vai enche-lo lagar (ou se enche).
- Polo tempo da vendima moito canta a rapaciña.
- Polo San Nicolás, as uvas vendimarás.
- Agosto a madura, e setembro vendima a uva.
- Pola Virxe do Portal (8 de setembro) pon a xente a vendimar.
- Polo San Xoán á sardiña e en setembro á vendima.


- Polo San Xenaro (19 de setembro) vendimas pró carro.
- En Setembro vendima correndo.
- Mandar rapaces á vendima é cousa perdida.

#### VARIOS:

- Gomo de marzo non vai ó cabazo
- Os de Santa Mariña son o demo na viña.

#### O VIÑO:

- Polo Pilar, nabos á terra e viño a envasar.
- En agosto, nin viño nin mosto.
- No San Martiño xa se conoce o bó viño.
- Polo San Martiño, zapa o teu viño.
- Polo San Martiño, proba o teu viño.
- Zapa o viño polo San Martiño.
- San Simón, apreta o baldón.
- Polo San Andrés o viño novo vello é.
- Polo San Andrés o mosto viño é.
- Polo San Martiño vende o teu viño, antes ó pipeiro que ó taberneiro.
- O viño a beber ou a vender.
- O bo viño, venda tre consigo.
- Se María ten bó viño, el o dirá.
- O viño das cepas vellas quenta as orellas.
- Amigo por amigo, o bó pan e o bó viño.



### A SAUDE E O VIÑO:

- Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, manteñen ó home sano.
- Pan de onte e viño de antano, salú pra todo o ano.
- Se tes catarro, dalle co xarro.
- Mala é a ferida que con viño non cura.
- Tabaco, viño e muller, botan ó home a perder.
- As penas con viño non son penas.
- O home e o meniño son parecidos cheos de viño.:
- Bebendo forte non se lle ten medo á morte.
- Donde entra o beber sale o saber.

### O TEMPO E O VIÑO:

- Se chove en San Antón de xaneiro pipas ó fumeiro, se non, pipas ó canteiro.
- Se chove en febreiro, botas as pipas ó quinteiro.
- Se no marzo ves tronar, arromba cubas e lagar.
- Abril frío, moito pan e pouco viño.
- A auga polo San Xoan, tolle o viño e non da pan.
- En agosto chove mel e mosto.
- En agosto mais vale que sobre pan que non que falte viño.
- Polo San Simón apreta o baldón.

### VARIOS:

- A muller e o viño, sempre están en peligro.
- O viño e a muller, malos son de ter.
- O viño e a muller, bulránse do saber.
- O pan con ollos, o queixo sin ollos, e o viño que salte ós ollos.
- Cando é bó o viño, nin o rico limpa o fuciño.
- Marzo, o viño polo vaso.

### AUGA E VIÑO:

- Mais vale viño malo que auga santa. (ou bendita).
- Polo San Martiño deixa a auga e bebe o viño.
- Despois do San Martiño, deixa a auga e bebe o viño.
- Auga prós peixes, pos homes viño a feixe.
- O que con viño se deita, con ganas de auga se levanta.




### VIÑO E COMIDA:

- Comer sin beber é cegar e non ver.
- Mais vale que sobre pan que non que falte viño.
- Come pan, bebe viño e tira pra diante polo camiño.
- Con pan e viño ándase (lévase, faise, pásase, anda calquera) o camiño.
- Hoxe viño e pan, o resto mañán.
- Nin pote ó lume sin touciño, nin xantar á mesa sin viño.
- Anaco de touciño quer trago de viño.
- Antes de pan viño, antes de viño touciño, e antes touciño que liño.
- O marisco quere viño, que da auga xa ven.
- Con castañas asadas e sardiñas salgadas non hai viño ruín.
- No Nadal alegrote alegrote, que hai viño na cuba e chourizos no pote.
- Quen ben come e bebe fai o que debe.
- O que bebe moito e come pouco, mal acaba.
- Se queres bebe-lo viño, tes que molla-lo fuciño.
- O que bebe viño chéiralle o fuciño.
- Co teu carto e o meu carto non é o viño caro.
- Non fumes en pipa nin bebas viño porque os dous xuntos fan mal camiño.
- Gasta en festas e viño o que lle has de deixar ós sobriños.
- Cando o borracho ronca, o viño no barril apousa.
- Cando Xan vai contento é que leva viño dentro.
- Se bebes pra olvidar, paga antes de empezar.
- Canto mais viño, mais copas.
- O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.
- Bebe viño, pro amodiño.
- O viño faille mal ó rapaciño.
- Por eso morreu Pepiño, por beber auga en vez de viño.
- O pan pan, ó viño viño.
- En maio, nin xantar á mesa sin viño, nin pote ó lume sin touciño

### DITO

Cando cae o viño: "mais vale que faga daño ca que se perda".



## CANTARES

- Este viño que nos temos  
naceu nunha copa torta  
a uns privalle o sentido  
e outros non dan coa porta.
- San Benitiño do ollo redondo,  
hei de ir alá miña nai se non morro,  
hei de levar unha bota de viño  
e un moletinho de pan pró camiño.  
(Outras variantes do último verso:  
...pra emborracharme no San Benitiño.  
...pra bebela andando o camiño.
- Era o viño meu ben, era o viño,  
era o viño quen a min me falaba,  
Era o viño meu ben era o viño,  
era o viño que me emborrachaba.
- Inda que vimos de noite,  
non che vimos de roubar,  
vímosche da vendima,  
vimos de vendimar.  
Vimos da vendima, vimos de vendimar,  
vimos da vendima, vimos de traballar.
- Manoliño foi ó viño  
e rompeu o cacharriño,  
mal prá xerra, mal pró viño,  
mal pró cú de Manoliño.  
(Outra terminación diferente:  
...probe da xerra, probe do viño,  
probe do cu de Manoliño.)
- A este paso borrachón,  
no presidio has de parar,  
-Cala muller que a este paso,  
pouco camiño hei de andar.

## ADIVIÑAS

- Unha vella xorobada, ten un fillo enredador, unhas netas moi fermosas e un xenro predicador.  
(A CEPA)
- Estou encarnado e ben maduriño, antes do outono de min farán viño (O ACIO DE UVAS).
- Dous irmáns son, un vai á misa e o outro non. (O VIÑO E O VINAGRE ou O VIÑO BRANCO E O TINTO).
- Se un elefante entra nunha bodega ¿Cómo sale? (CON DUAS TROMFAS)
- ¿En qué se parece un elefante a un borracho? (OS DOUS TEÑEN TROMPA).
- Unha vella moi enrugada, leva no cú unha palla atrancada (A UVA FASA).

## CREENCIAS

- Cando cae o viño da boa sorte.
- Se se parrea o martes de Antroido desátase a viña.
- Non se pode embotella-lo viño con lúa de forza senón bótase a perder.



# o millo

## REFRANS

- A rula a rular, colle o viño e vai sementar.
- No agosto a fariña e no setembro a fouchiña
- Por moito pan nunca é mal ano.
- O millo raro na leira é basto na eira.
- Folo San Cristobo xa o millo lle tapa a ala ó corvo.
- A choiva no abril da millo e da pan.
- Con millo no piorno e porco no salgadoiro, non hai medo ó inverno anque veña chovedeiro.
- En marzo abrigo, mozas e pan de millo.
- O millo apañado vai pró faiado, cómeo a galiña despois de secado.
- O Norte para o millo é coma o pai para o fillo
- O que rega o pendón espera come-lo terrón
- Cando o muño busca o gran, tantarantán



## CANTARES

- Sei cantar e sei bailar,  
todo se me da na man,  
tamén sei cava-lo millo,  
alá en chegando San Xoan.
- É o tempo das esfolas,  
tempo das esfoladas,  
tempo de comer  
unhas castañas asadas.
- De día apáñase o millo  
e acarréxase prá casa,  
de noite veñen veciños  
pra axudar á esfolada.

-Touporroutou ¿a onde vas vella?

Touporrotou a Pontevedra

Touporroutou¿qué vas buscar?

Touporroutou unha area de sal

Touporroutou ¿pra qué é o sal?

Touporroutou pra botarlle ó caldo

Touporroutou ¿pra qué é o caldo?

Touporroutou pra darlle ós xornaleiros

Touporroutou ¿pra 'qué son os xornaleiros?

Touporroutou pra bota-lo millo

Touporroutou ¿pra qué é o millo?

Touporroutou pra darlle ás galiñas

Touporroutou ¿pra qué son as galiñas?

Touporroutou pra poñe los ovos

Touporroutou ¿pa qué son os ovos

Touporroutou pra levarlle ó cura

Touporroutou¿pra qué é o cura?

Touporroutou pra deci+la misa

Touporroutou ¿pra qué é a misa?

Touporroutou prás cousas de Deus

Touporroutou ¿pra qué é o Deus?

Touporroutou pra levarnos ó ceo.

### ADIVIÑAS

-Nun prado moi cercano, hai un frade franciscano, que ten dentes e non come, que ten barba e non é home. (O MILLO)

-Verde nai de cabelo dourado, leva ó fillo no colo cun cobertor acochado. (A ESPIGA DE MILLO)

### LENDAS

-No tempo en que San Pedro andaba polo mundo chegou un día a petar nunha porta e saleulle un can con tanto xenio que tivo que botar a correr por antre unha leira de millo. Levou tantos tropezoños, golpes e aguilloadas coas espigas mentras fuxía que enrabexado dixo: " maldito sexa tanto corno". E, dende aquel día, o millo, que botaba unha espiga en cada folla, deixou de facelo e quedou coma agora, que bota unha ou dúas espigas soias, e cando bota máis non non as logra.

### CREENCIAS

-Seméntase na menguante pra que naza ben o millo.


-Na menguante de marzo desbúllase o millo pra que non colla gurgullos e non queza no saco.

-Tamén na menguante é cando se enche o piorno pra que o millo non se bote a perder.

## —outros cereais—

### REFRANS

- Cando o trigo está nos campos, é de Dios e mais dos Santos.
- Nin viña no baixo, nin trigo no cascallo.
- Trigo centeoso, pan proveitoso.
- Polo San Clemente bota a tua semente.
- Polo San Clemente, doble semente.
- En abril espigas mil, no maio todo espigado.
- A porta do orador, non botes o trigo ó sol.
- Maio frío moito trigo, maio pardo, ano farto.
- En San Xoán bótalle a fouciña ó pan; en Santa Mariña da meda fai fariña



### ADIVIÑAS


- Fai ondas e non é mar, ten espiñas e non é peixe. (O CENTEO NAS LEIRAS)
- Crieime no campo, de verde vestido, apañáronme marelo e branco son comido (O TRIGO).

## —outros cultivos—

### REFRANS

- Se queres ter allo fino, plántao no San Martiño.
- Por Santa Lucía, o allo que ve-lo día.
- Xaneiro alleiro.
- Se queres ter bó alleiro, pon o allo no xaneiro.
- Tódolos días que pasan de xaneiro son allos que perde de da-lo alleiro.
- Polo San Martiño fabóns ó liño.
- O lagar a retorcer e os fabóns a nacer.
- Pérdese a faba loba, pérdese a anada toda.
- As patacas de xaneiro, van na cesta e veñen no sombreiro.
- En venres de letanfas, fabas, coles e xudías.
- Dicen do hortelán: nin come a berza nin a deixa comer.

- En xaneiro a berza é carneiro.
- A verdura en outono cómea o seu dono.
- A verdura de San Simón da pró amo e mais pró ladrón.
- Polo Pilar os nabos á terra e o viño a envasar.
- Pra coller moitos nabos por Santiago sementalos.
- Nin no abril nado, nin no maio plantado (o sandial).
- O melón e a muller son malos de conocer.
- En setembro os melóns atópanse polos rincóns.
- En Santiago e agosto estroupelear, que é o tempo do liño mazar.
- En xaneiro a vella saca as madeixas ó turreiro.
- O que queira ter prixel todo o ano seménteo no mes de maio.



### ADIVIÑAS

- Na horta do meu pai hai un galo francés, que ten dentes, non ten boca, ten cabeza e non ten pés.  
(A CABEZA DO ALLO)
- Ten cabeza e dentes e non ten boca (O ALLO)
- Tacón sobre tacón, tacón do mesmo pano, se non cho digo meniña, non o acertas en todo o ano.  
(A CEBOLA)
- Crieime no campo, atada con lazos, o que chora por min faime pedazos (A CEBOLA)
- Capela sobre capela, e todas do mesmo pano, se non cho digo meniña non o acertas en todo o ano (A CEBOLA).
- Na horta fun críada, na horta fun nacida, e fago chorar a todos os que me miran partida.  
(A CEBOLA).
- Unha cousa que vive na horta e fai chorar a quen a corta.(A CEBOLA).

- Verde por fora, encarnada por dentro, e son cousa de alimento(A SANDIA).
- Dentro dunha casa verde, hai unha fror encarnada, que se lle pode presentar ó mesmo rei de Granada (A SANDIA).

### CANTARES

- Non teño medo dos teus ditos,  
nin medo do teu meigallo,  
que ando cunha vacaloura,  
e catro dentes de allo.
- Anque vivo nun rincón  
non che vivo arrinconada,  
no rincón é onde se crfa  
sempre a mellor ensalada.

### DITOS

- Ser bicho coma un allo.
- O que se pica allos mastica ou "b que se pica allos come".

### CREENCIAS

- Pra encorrenta-las meigas é bô levar allos no bolsiño ou andar cun allo virxe (sin dentes)


## as árbores

### REFRANS

- Pola mañán ouro, pola tarde prata e pola noite mata.(A naranxa)
- Ramos mollados e Pascuas enxoitas, bo ano de froitas e troitas.
- Primeiro a ameixa, despois a cereixa, despois o figo e o carrapichote meu amigo.
- Ano de ameixas, ano de queixas.
- De escribáns e ameixeiras libre Deus as miñas terras.
- Ano de noces, ano de voces.
- Auga ó figo e prá pera viño.
- No tempo dos figos non hai amigos.
- A castaña no agosto quer beber e no setembro comer.



- A castaña no nadal, sabe ben e parte mal.
- As castañas do castañeiro, hai que asalas no asadeiro.
- A castaña e o besugo, en febreiro non ten zugo.
- Non quero peral, quero castañeiro pra ter castañas pró ano inteiro.
- O vinagre e o limón medio ciruxanos son.
- A castaña que está no camiño, é do veciño.
- Pranta eucaliptos pra ti, piñeiros prós fillos e carballos prós netos.
- Prá tua casa o madeiro córtao no xaneiro.
- Na menguante de xaneiro corta o teu madeiro.
- Se queres ter bo banastro, corta os bimbios no marzo.
- Corta madeira no vran se queres estar quente no inverno.



### ADIVIÑAS

- Centos de fillos ten e a todos con leite mantén (A FIGUEIRA)
- Adiviña adiviñador, ¿qué frutal carga sin a sua frol ? (A FIGUEIRA)
- A un alto cabaleiro dalle a risa e perde o diñeiro. (O OURIZO DA CASTAÑA)
- No alto estou, de ouro vestido, por unha regaña, perdín os meus fillos. (O OURIZO)
- No alto estou, e mais se quixera, por unha risada perdín o que Deus me dera (O OURIZO)
- Unha arca de bo parecer, non hai carpinteiro que a poida facer. (A NOZ)
- Unha archiña miúda de bo parecer, ningún carpinteiro a poido facer, senón o Deus do ceo co seu gran poder. (A NOZ)
- Unha caixiña requinquilladiña, e non hai requinquillador que a requinquille mellor (A NOZ)
- Catro monxas nun convento, onde non entra aire nin vento (A NOZ)

- Branca por dentro, verde por fora, se non cho digo non o acertas nunha hora (A PERA)
- Altos castelos, gomos vizosos, bois marelos e cans rabiosos (O LIMOEIRO)
- Marelo por fora, branco por dentro, e fai cai-la baba soio con ver comelo (C LIMCN)
- Pola mañáns ouro, pola tarde prata e pola noite mata (A LARANXA)
- Primeiro fun branca, logo verde me vin, agora que estou dourada !ai probe de min!  
(A LARANXA)
- Casa pechada e en cada alcoba unha dama.
- Unha casa de madeira, toda de alcobas chea, en cada alcoba unha dama, a que abran as portas  
espera (A PIÑA).

## CANTARES

-Paxariño gorrión, (ou comechón)  
que me andas nas cereixas,  
come paxariño, come,  
pero a ve-las que me deixas.

-Paxariño gorrión,  
non me coma-las cereixas,  
que vai o meu amo fora  
e hácheme da-las queixas.

-Xa fun a Marín,  
xa pasei o mar,  
xa comín laranxas,  
do teu laranxal.


-Arrimeime a un pino verde,  
por ver se me consolaba,  
e o pino como era verde,  
ó verme chorar choraba

-Polo río (ou polo mar) abaixo  
vai un pexegueiro  
que bota pexegos  
no mes de xaneiro

-A castaña no ourizo,  
quixo rir e regañou,  
caeu do castiñeiro abaixo,  
vaia tombo que levou.

-A castaña no ourizo,  
eu ben vos sei o que fai,  
se é que está verde amadura,  
e se está madura cai.

-Señora María,  
e Señor Manuel,  
castañas asadas  
e viño con mel




# os animais

## REFRANS


- De pequeno conocerás que boi terás.
- Caga mais un boi que unha anduriña.
- O boi empallado bebe no prado.
- A onde irás boi que non labres.
- Se non é boi é vaca.
- Nas tardes de marzo recolle o teu gando.
- Amiguiños sf, pero a vaquiña polo que vale.
- A falta de vaca bos son polos con touciño.
- Gando na corte, pouco leite e queixo forte.
- Val mais bocado de vaca que catro de pataca.
- Festa na aldea, o gando se ensea.
- San Fernando, pulgas á xente e moscas ó gando.
- No mes de abril fai queixos mil, no mes de maio fai tres ou catro.
- A vaca que non comeu a cando os bois, ou comeu antes ou come despois.

- Señal é de boa besta a boa pata e a boa orella.
- Por un cravo pérdese unha besta.
- Ó pé do banco férrase a besta.
- O ollo do amo engorda ó cabalo.
- Ó home e ó cabalo non hai que apuralo.
- A cabalo regalado non se lle mira o dente.
- Cabalo alazán non o teñas contigo en San Xoan.
- O cabalo do mezquiño, farto de auga, mal mantido e ben corrido.
- Hai moitas burras do mesmo pelo.
- Non está feito o mel prá boca do burro.
- A besta leva a carga, pero non a sobrecarga.
- Patadas de burro non chegan ó ceo.
- Besta mular, ou comer ou andar.
- Besta que xeme, á carga non teme.
- Burra vella non colle andadura.
- Se non fora polo rabo, empreñaba a burra



-O que tén besta e vai a pé, mais besta el é

- Zapato de burgués, besta de andadura e amigo coruñés, pouco duran todos tres.
- Besta parada non fai xornada.
- Morto o burro, cebada ó rabo.
- O burro ó sol fai sombra.
- Carne de burro non é transparente.
- A ovella en Pascua Florida está lustrosa e parida.
- A muller e a ovella, con día á cortella.
- Año de ovellas, ano de abellas.
- Ovella que berra, bocado que perde.
- A abella e a ovella en abril deixan a pelexa.
- Polo San Xoan rapa ó carneiro a lan.
- O fixo da cabuxa, cabuxo é.
- A cabuxa é tola, por onde vai unha van todas.
- Cando a cabuxa estornuda o tempo se muda.



- A muller gobernadeira, no Antroido lava a salgadeira.
- Por San Simón e San Xudas, mata o teu porco e atesta as tuas cubas.
- O que nunca tivo un porco e agora ten un bacuriño, anda sempre quino quiniño.
- No mes morto nin sache-lo horto nin cape-lo porco.
- En martes, nin porco mates, nin galiña deites que pitos saque.
- En maio o porco vai ó tallo.
- O que bo porco queira matar, cedo ten que empezar a gastar.
- O que queira ter bo entrecosto que bebe no agosto.
- Cutono a chegar, porco a cebar.
- O que non mata porco, non da morcilla nin entrecosto.

- Mata ó teu porco e verás o teu corpo
- A todo porquiño lle chega o seu San Martiño.
- Polo San Martiño mata o teu porquiño.
- O comerciante e o porco solo se sabe o que ten despois de morto,
- Coa axuda do veciño meu pai matou un bacuriño.
- Ó peor porco a mellor landra.
- O porco no maseiro non quere compañeiro.
- Polas vendimas vende as tuas galiñas, pola Navidade vólveas a mercar.
- Gran a gran a galiña fai o papo.
- Galiña gorda e por pouco diñeiro, non pode ser compañeiro.
- Non conte-los pitos antes de nacer que che poden morrer.
- O que solo come o seu galo solo albarda o seu cabalo.
- Ave de pico non pon ó amo rico.
- O polo de Xaneiro polo San Xoan está comedeiro.
- A galiña nada no xaneiro pon o ovo no colmeiro.
- O polo de xaneiro vale carneiro.
- Galiña que ó galo canta córtaselle a garganta.
- Galiña que non pon ovos ó caldeiro.
- Maio tolo, nin bo gato nin bo polo.
- A galiña vella fai o mellor caldo.
- Caldo de galiña pró enfermo a mellor meíciña.
- Galiña que canta e muller que asubía nunca fillos cría.
- Mais vale pan con amor que galiña con dolor.
- Por Santa Mariña deita a tua galiña.
- Por Santa Mariña mata a tua galiña.
- Ti ten gran no teu pombal, que as pombas xa che virán.
- En pombas e en abellas, nunca metas o que teñas.
- Seis galiñas e un galo comen a ración dun cabalo

#### ADIVIÑAS

- Dúas torres altas, dous miradores, un espantamoscas e catro andadores (A VACA).
- Cando van pró monte miran prá casa e cando van prá casa miran pró monte (OS CORNOS DA CABUXA)
- Catro pernas, catro fontes, un dalle dalle e dous reviramontes (A VACA).





- Catro nacama, catro na lama, dous que lle aguzan e un que lle abana (A VACA)
- Catro na cama, catro na lama, dous parafusos e un que lle abana (A VACA)
- Churín, churín, churín choraba, caeu a torre e churín calaba (A PORCA E OS FILLOS)
- Unha señora, moi enfeitada, chea de remendos sin unha puntada (A GALIÑA)
- Cocorico ten pés, cu e bico, e os fillos de cocorico non teñen nin pés nin cú nin bico (A GALIÑA E O OVO)
- Erguese á mañanciña, deitase ó anoitecer, tatarexa cando fala e da cousas de comer (A GALIÑA)
- Unha caixiña redonda, branca coma o azahar, ábrese moi facilmente e non se pode pechar (O OVO)
- Un barriliño con dúas crases de viño (O OVO)
- Miña nai é tatarexa, o meu pai é cantador, eu teño vestido branco e marelo o corazón (O OVO)
- Branco coma o cal, todos o saben abrir e ninguén o sabe pechar. (C OVO)
- ¿Qué cousa é que cando se creba non a erguen catro homes con palancas e lévaa un can coa língua. (O OVO)
- Cando se ten na man é branco e se cae no chan vólvese marelo. (O OVO)

#### CANTARES

- |                                                                                                                          |                                                                                                                                       |                                                                                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>-Na miña vida tal vin<br/>no monte de Oliveira,<br/>unha cabuxa cun corno solo<br/>e un castrón cunha monteira</p>    | <p>-Nunca compres burra coxa<br/>pensando que ganará<br/>que cando a sana coxea<br/>¿a coxa que facerá?</p>                           | <p>-Maruxa se vas á feira<br/>cómprame un porco rabelo,<br/>que se mo compres con rabo<br/>non me cabe no cortello.</p> |
| <p>-Miña nai e maila túa<br/>quedan no río (ou eira) berrando<br/>por culpa dunha galiña<br/>que tivo amores co galo</p> | <p>-San Antoniño garda o gando,<br/>San Xoañ garda as ovellas,<br/>Santa Lucía ás costureiriñas<br/>que andan polas casas alleas.</p> | <p>-O que compra vaca cega<br/>pensando que sanará<br/>!aínda os sans se volven cego<br/>e os cegos ¿qué farán?</p>     |
| <p>-Unha vella no corral<br/>cun peido matou a un polo,<br/>e se non llas quitan de adiante<br/>mata galiñas e todo</p>  | <p>-O corazón dunha pulga<br/>!quén o soupera gisar!,<br/>daba xantar e merenda<br/>e cea para cear</p>                               |                                                                                                                         |


#### DITOS

- "Cando mexen as galiñas"
- "Galiñas locas, polas miñocas"

# -can e gato

## REFRANS

- O can de Torrado, canto fai coa man, desfai co rabo.
- En coxeira de can e bágoas de muller non hai que creer.
- Lobos e cans fillos de irmáns.
- O home e o can van a onde llo dan.
- Polo pan baila o can.
- Dame pan e chámame can.
- O que a can alleo da pan, perde o pan e perde o can.
- Pelo cortado, can amolado.
- A can flaco, todas son pulgas.
- Do home que non fala e do can que non ladra hai que apartarse.
- Can ladrador pouco mordedor.
- Can que moito ladra, pouco morde.
- Home torto e can rabelo, hai que roelo.
- Home torto e can rabelo, hai que terlle medo.
- A can vello non hai "quis, quis".
- San Adrián, nin bo gato nin bo can.
- Sisán, nin bo home nin bo can.
- Por San Xoan pedras ó can.
- De casta lle ven ó galgo.
- Can que moito lame tira sangue.
- De balde andan os cans e levan paus, (ou pedradas).
- Non hai nena sin amores, nin gato macho de tres cores.
- O gato berrador non é mal rateador.
- Gato con guantes non pilla ratos.
- O gato escaldado fuxe da auga fría.
- Sabe mais un gato dun mes ca un de tres.
- Ollos de gato valen por catro.
- Ter sete vidas coma os gatos. Ter mais vidas ca os gatos.
- En febreiro busca a sombra o cadelo.
- Ruín cadela roe ás veces boa correa.
- Se queres gañar ó can, dalle pan
- Can mal mantido, traballe o veciño



## DITOS

- "De noite tódolos gatos son pardos".
- "Non queda can detrás do palleiro".
- "Morto o can acabouse a rábea".
- "Cada can lambe o seu".
- "O meu can pillou unha lebre".

## ADIVIÑAS

- Periquín, pericán, ándalle detrás do cú ó can (O RABO).
- ¿A qué volta se deita o can (A ULTIMA).
- Unha señora mi enseñorada, debaixo do rabo leva unha puntada (A CADELA).
- Catro patas enriba de catro patas agarda a catro patas, catro patas non veu, catro patas marchou e catro patas quedou. (O GATO, A SILLA e O RATO).

## CANTARES

- Unha vella tiña un can debaixo da cama onde ela durmía, canto a vella rezumbaba, o can ladraba, e a vella decía:  
"malo raxo te parta meu can, que mal agradeces o ben que che fan.

### PRA RECITAR:

- Era unha vez un gato maragato que cagou un peido pra vos os catro.
- Era unha vez un gato marqués que cagou un peido pra vos os tres.
- Era unha vez un gato marolo que cagou un peido pra ti solo.

## CREENCIAS

- Cando un can oubea hai difunto.
- Trae mala sorte cruzarse cun gato negro. —
- Cando un can negro oubea hai lúa chea.
- Trae boa sorte criar un gato negro que che deron. —

## SAUDE

- Cando as vacas non teñen apetito dáselle estrugas.
- Cando andas descompostas dáselle cocos dos carballos.
- Cando se compra unha vaca pásaselle polo lombo un allo esmagado para que saia boa.
- Para que os cans non collan a rabia cólganselle allos.

# faenas e ferramentas

## REFRANS

- No mes morto non sache-lo horto nin cape-lo porco.
- Labra con xíada, matarás a grama e terás boa anada.
- Labra por enxoito ou por mollado e non terás que pedir emprestado.
- Cando a garza vai pró mar, colle os bois e bota a arar.
- Polo San Pedro abre o rego.
- Polo San Martiño péchase o camiño.
- De sementeira e de casar, consellos non queiras dar.
- O mesto vai no cesto, o raro vai no carro.
- San Marcos, sementa polos altos.
- O que sementa en leira allea perde o tempo e a colleita.
- O que cava en novembro o tempo perde.
- O que sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo.
- Mentras entuven detrás da xesteira pasoume o tempo da sementeira.
- Pranta a horta no San Martiño e prantarás pra ti e pró veciño.
- Por xunio ¿ónde anda o mozo?, ou está na aberta ou no pozo.
- O estar xunio xa na beira busca a fouce e limpa a eira.
- No setembro colleita e non sembres.
- En outubro a terra esterca e cubre.
- Are quen arou que xa maio entrou.
- Labra fondo e collerás abondo
- Quen labra no xaneiro labra para o ano inteiro
- Polo San Simón tapa o portelo da sazón, o da resteva non.
- Quen ara no San Xoán ou está tolo ou non ten pan.
- Pouca terra ben abonada, vale por moita ben traballada.
- Por Santa Mariña deixa o sacho e colle a fouciña

## ADIVIÑAS


- ¿Cal é a cousa que cando vai pró monte mira prá casa e cando vai prá casa mira pró monte? (O MACHADO).
- ¿Cal é a cousa que cando vai prá leira mira prá casa e cando vai prá casa mira prá leira (O LEGON, OS DENTES DA FORQUILLA)
- Fura coma unha toupeira e non é toupeira, luce como a prata e non o é (O ARADO)
- ¿Cal é o fillo cruel que á sua nai despedaza e a nai con moita cachaza vaino comendo a el? (O ARADO)
- Pró monte vai enleado e prá casa ven estirado (O ADIBAL, O CABESTRO).

-Nin o vento nin o frío,  
nin o calor nin a xíada,  
meten medo ó labrador  
no traballo da arada.

## o tempo

### REFRANS

- Xaneiro xíado e abril mollado enchen o faiado.
- Año de neves, ano de bens.
- Cando as rans cantan no xaneiro, sinal de fame en todo o eido.
- Se non chove en febreiro van as pipas ó canteiro.
- Seco xaneiro, abundancia no graneiro.
- A xeada de febreiro mata a vaca e mailo leiro.
- O que en marzo non fende, en abril non estende,
- Auga en marzo canto o raposo molle o rabo.
- Pascuas molladas, anadas dobradas.
- Se hai choivas na primavera conta coa sementeira.
- Pascuas enxotas, nin poucas nin moitas.
- Se pra San Xurxo (abril) xea non collerás nin unha pera.
- En abril augas mil.
- En abril augas mil, e todas caben nun barril.
- En abril augas mil, e vento, e tódalas que queiran vir.
- En abril augas mil, cargan o carro e mailo barril.
- En abril augas mil, e en maio tódalas que queiran vir,
- Auga en abril toda a que poida vir. Auga en maio detrás do arado.
- Que chova en abril e maio anque non chova en todo o ano.
- No maio así corra a auga detrás do arado.
- En maio bebe o boi detrás do arado, e se non bebe malo.
- No maio, bebe o boi no prado, e se non bebe malo.
- Polvo no maio e lama no agosto, anda o tempo descomposto.
- Polvo no maio e lama no agosto, pon ó labrego de mal rostro.





- A un tempo non pode ser o gastar e mailo ter, nin que luza o sol na eira sin que chova no Nadal
- As avenidas da Ascensión, sonadas son
- A auga de San Xoan, tolle o viño e non da pan.
- En San Xoan seca a raíz o pan.
- Deus nos aparte do polvo do maio e da lama do agosto.
- Vale mais nubrado de agosto ca sol de setembro.
- Mentras Deus non é nacido nada é crecido.
- Mais vale unha choiva ca unha rega.
- San Crstobo co seu cobo, San Pedro co seu xerro, Santa Mariña coa súa reguiña e Santiago co seu canado.

#### CREENCIAS E REMEDIOS

- Cando as quiquiricas están chocas é bo untarlle as patas con aceite e deixarlle sacar a primeira leite dos seus ovos.
- Cando a galiña está choca non se lle pode poñer un número impar de ovos, senón non os saca.
- Pra que non marchen da casa os gatos pequenos hai que untarlle as patas con aceite.
- O martes de Antroído non se pode andar coa peneira senón andas arredor.
- Non se pode da-la semente antes de prantala un, senón despois non nace.
- A herba pañada coa lúa chea quence.
- Non se poden paña-las patacas en martes e con lúa de forza senón agrelan.
- Cando está a lúa en menguante fanse as faenas: sementar, enchelo piorno, planta-lo ceboliño, botar millo pró piorno e patacas pró faiado, pañar cebolas, embotellar ou trasega-lo viño, etc.
- Usanse as herbas rudas pra face-las curas ós animais.
- As espullas do gando cúranse con auga de eucaliptos.
- Pra desinfecta-los cortellos dos animais e pra que non se piquen as fabas úsanse cocos de eucalipto.

#### ESCONXURO

- "Loureiro que foches nado sin ser prantado, quítalle o aire a este excomulgado".



**os oficios**

## REFRANS

- Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, mais perde que gana.
- O meu amor é titiriteiro, engana ós parvos e gana diñeiro.
- Sol metido, mi amo fodido.
- Nin muíño sin rodicio, nin home sin oficio.
- Pescador de cana, pesca mais do que gana.
- En abril entra o albañil.
- En febreiro mete obreiro.
- Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.
- Na casa do ferreiro coitelo de pau.
- Na casa do carpinteiro, sentado no chan.
- Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro, e fillo de taberneiro non os queiras por ningún diñeiro,
- Pan por kilo e viño por medida, o que non rouba algo non leva boa vida.
- Arrieiro rabudo, malla na albarda e malla no burro.
- Costureira sin dedal, cose pouco e cose mal.
- De música, poeta e louco, todos temos un pouco.
- En casa de fortuna non falta costura.
- O que ó altar sirve do altar come.
- A bo capellán, mellor sacristán.
- Os cartos do sacristán, cantando veñen, cantando se van.
- Se queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo.
- Se o queres pillabán, monaguillo e sacristán.
- O que vai ó médico ou ó abogado nunca ven desconsolado.
- Un médico cura, douas sin duda, tres...morte segura.
- Moitos oficios tiña Galván e de ningún ganou pan.
- Moito e ben non fai ninguén
- Señor Mño, Xesucristo, para traballar son parvo e para comer moi listo

## DITOS

- Das costureiras: enfiada grande é de palanquín.

Cando se picaban coa agulla sinalando os dedos empezando polo meniño: gusto, disgusto, carta, amor, e declaración.

----- CANTARES -----

-Aprendín a carpinteiro  
na vila de Guimaráns,  
fago cangallas prós porcos  
e tarambullos prós cans.

-Os prados queren procuro,  
os labradfos labrador,  
propietario sin oficio,  
non pode ser gran señor.

-Non te cases cun ferreiro  
que che saltan as muxicas,  
cásate cun carpinteiro  
que che fai huchas bonitas.

-Mariñeiro quero madre,  
mariñeiro me han de dar,  
se non me dan mariñeiro  
solteiriña hei de quedar.

-Deus llo pague á miña nai  
por meterme costureira,  
ven a choiva, non me molla,  
ven o sol e non me queima.

-¿De ónde vés, Carmiña?  
-veño de coser,  
-cala mentireira  
que vés de aprender


-Canteiriño canta e pica  
e deixa á costureira,  
ela deixa de coser  
e ti de picar na pedra


-Das palabras dos canteiros  
meniñas non vos fiéis,  
collen os picos e vanse,  
meniña ¿què lles faréis?.

-As costureiras do pueblo  
que cosen polas aldeas,  
engordan coma demonios  
co pan das casas alleas.  
E si lles fan mala vida,  
dan puntadiña de cego  
pra rematar enseguida.

-Costureira pan na criba,  
tecelán pan no tear,  
carpinteiro mesa posta,  
canteiro pote no lar.

-Si Maruxa andaba descalza,  
sería porque quería,  
que a casa do zapateiro  
Maruxa ben a sabía.





**a natureza**



# as plantas

## REFRANS

- O que se abriga debaixo da folla dúas veces se molla.
- O que se abriga debaixo da folla, canto máis se abriga moito máis se molla.
- Arrímate á folla mentras non molla.
- Xente nova e leña verde todo é fume.
- De ruín madeira nunca boa astela.
- Mala herba non perece.
- A herba ruín non a come o gando.

## ADIVIÑAS

- Nace no monte, no monte se cría, e antes de vir prá casa arma unha gritería.  
(A MADEIRA NO ASERRADEIRO).
- No alto estou, ladróns vexo vir, da miña caperuchiña non podo saír (ou fuxir) (A LANDRA).
- A veira do camiño está e morden igual ca un can (AS SILVAS)
- Verde foi o meu nacemento, encarnada a miña media idade, e sempre me poño negra cando me van a apañare (A AMORIA).

## CANTARES


- |                                                                                                                        |                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| -Aparta loureiro verde,<br>deixa crarea-la lúa,<br>que estou no medio da noite<br>e non vexo cousa ningunha.           | -María berrou con Chuco<br>na carballeira de abaixo,<br>porque lle picaba un toxo<br>que levaba no refaixo.     |
| -Desgraciado do loureiro<br>que está ó pé do camiño,<br>cada persoa que pasa<br>tíralle o seu ramiño.                  | -Alcipreste non se rega<br>porque na lentura nace,<br>amor firme non se esquece<br>por máis traballos que pase. |
| -Paxariños que andades cantando<br>polas ramas dos loureiros<br>e subidos polos ameneiros<br>a toma-los raiños de sol. | -O carballo da Portela<br>ten a folla revirada,<br>que lla revirou o vento<br>nunha noite de xfada.             |

-A raíz do toxo verde  
é moi mala de arrincar  
os amoriños primeiros  
son moi malos de olvidar.


## os animais

### REFRANS

- Xaula feita, paxaro morto.
- Unha anduriña non fai vran.
- Cal é o corvo tal é o ovo.
- De toma un paxaro a dame un paxaro, van dous paxaros.
- Anduriña arrente da auga, choiva na cama.
- Anduriña que alta voa non teme que chova.
- Anduriña que voa arrentes da terra, choiva aventa.
- Labrego e cazador, coello na cociña e fame no comedor.
- Días de choiva e vento, non salgas de caza que perde-lo tempo.
- Se os coellos morreran con palabras, cantos matabas.
- Probe do coello que non ten mais que un tobo.
- Onde menos se pensa salta a lebre.
- Lebre que se che ha de ir, costa arriba a verás fuxir.
- Lebre que queiras matar, costa abaixo has de botar.
- Do tempo dos coellos non hai couselos.
- Ave que voa prá pota é boa.
- Mais sabe o raposo por vello que por raposo.
- Nunca foi o corvo mais negro que as alas.
- Polo rabo da culler vai o rato á ola.
- A bo gato bo rato.
- O rato que non sabe mais dun burato non é bo rato.
- Mais vale ser cabeza de rato que rabo de león.
- Moito sabe o rato, pero mais o gato.
- O fillo da gata ós ratos mata.
- Picadura de alacrán, busca cura e sacristán
- Picadura de denociña, busca cura e campáña



- Mais vale flaco no mato (dixo o rato) ca gordo no cu dun gato.
- Cando o raposo predica non están seguros os polos.
- O lobo farto de carne métese a frade.
- Toda a carne come o lobo, menos a súa que a lambe.
- Nunca o lobo come a outro.
- Lobos e cans fillos de hirmáns.
- Cada mosca fai a súa sombra.
- Mais moscas se pillan con mel ca con fel.
- A quen se fai de mel cómeno as moscas.
- Cada gorrión quere o seu espigón.
- Por medo ós gorrións non quedan sin sementa-los leiróns.
- Canta a ran e non ten pelo nin lan.
- Cando as formigas toman o sol pouco dura o calor.
- O que mata un abellón ten cen anos de perdón.
- O que mata unha abella ten cen anos de penã.
- O home e mailo oso canto mais feo mais fermoso.
- Si en marzo canta a ran en maio xa calará.
- No mes de marzo e abril o cuco ha de saír, se ós tres meses non volveu é porque morreu.



#### \_\_\_\_\_DITOS\_\_\_\_\_

- Cando as rans críen pelos.
- Picadura de alacrán, chama cura e sacristán.
- O meu can pillou unha lebre.
- Caeu na gaiola.
- Fillo de lobo, lobiño.
- Bicho malo nunca morre.
- Caeu no garamillo.
- Domearse coma unha cobra.
- Eres mais lento que unha caracola.

#### \_\_\_\_\_ADIVIÑAS\_\_\_\_\_

- ¿Quen será o que sin ser frade nin crego sempre se viste de negro? (O CORVO)
- Moitas monxas nun convento, visitan as frores e fan doces dentro. (AS ABELLAS).
- ¿Cal é o bicho que pra andar ten que estirar e engruñar? (A MIÑOCA)

- Anda por debaixo da terra e non ten oso nin costela (A MIÑOCA)
- Cen damas por un camiño, non fan polvo nin ruído (AS FORMIGAS)
- Moitas damas viven nun pazo (ou buraco) e todas visten do mesmo pano (AS FORMIGAS)
- No alto vive, no alto mora, no alto tece a tecedora. (A ARAÑA)
- Si a tes búscala, si non a tes nin a buscas nin a queres (A PULGA)
- Antonte oviño, onte noveliño e agora voo coma un paxariño (A VOLVORETA)
- Onte oviño, hoxe capulliño, mañán voarei coma un paxariño (A VOLVORETA)
- ¿Que bicho é o que sube a costa e non ten pés? (A CARACOLA)
- Unha señora moi enxeñorada, cando vai en coche nunca paga nada (A MOSCA)
- Unha señora moi enxeñorada entra no tren e nunca paga nada (A MOSCA)
- Vivo no meu casarello con catro patas e un rabo pequeno (A TORTUGA)

### CANTARES

- |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>-Un home colleu a forquilla,<br/>para espetarlla ó Señor raposo,<br/>e espetoulla no rabo<br/>porque o tiña moi fermoso</p> <p>-Mazarico, pico, picp,<br/>¿quén che deu tamaño bico?<br/>deumo Deus e San Francisco<br/>para picar no marisco</p> <p>-O paxaro cando chove<br/>mete o rabo na silveira,<br/>así fan as boas mozas<br/>cando non ten quen as queira</p> <p>-O cuco canta no monte<br/>e na torre a cigoiña<br/>o paxariño na xaula<br/>e o borracho na taberna</p> <p>-Catro aves escollidas<br/>son as que pasan o mar,<br/>o cuco e maila anduriña,<br/>a rula e o pasallás.</p> | <p>-Cando a lebre diga misa<br/>e o coello sexa abade (ou frade),<br/>deixarei a miña casa<br/>e collerei (ou perderei) a tua amizade.</p> <p>- Non lle armes ó paxaro<br/>onde outro ten armado,<br/>chámanlle perde-lo tempo<br/>e saír co lombo amolado.</p> <p>-Canta cuco, canta cuco,<br/>na rabela do arado,<br/>as mociñas que hai agora<br/>plántanme lume no rabo</p> <p>- O paxaro de María<br/>foi, e come-las cereixas,<br/>come paxariño come,<br/>veremo-las que me deixas</p> <p>-Eu ben vin cantar ó cuco<br/>enriba dun ameneiro,<br/>coa subela na man<br/>aprendendo a zapateiro.</p> | <p>-Pico, pico,<br/>¿que che dou tamaño bico?<br/>deumo o noso Señoríño,<br/>para picar no muíño,<br/>o muíño a moer<br/>e os ratos a comer</p> <p>-O piollo e máila pulga<br/>foron ó monte a cachar,<br/>e o carrapeto pequeno<br/>foilles leva-lo xantar</p> <p>-Polo mar (ou río) abaixo<br/>vai unha raposa,<br/>leva o cú aberto,<br/>non hai quen llo cosa</p> <p>-A perdiz anda no monte<br/>e tódalas herbas come,<br/>a conversa dunha moza<br/>mantén tres días a un home</p> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## PRA RECITAR

-Xuaníña voa,  
voa, voa, voa,  
que che hei de dar  
pan con cebola.

-Canta a rá,  
baila o sapo  
e toca a guitarra  
o señor lagarto

-Caracoliña minchiña,  
carocoliña minchola,  
bota os corniños de fora  
sinon rômpoche a cachola. (ou cazola).

## CREENCIAS


- Cando se ven tres corvos solos traen mala sorte.
- Trae mala sorte matar ós corvos e ós sapos.
- Pra espanta-las meigas hai que andar coa cabeza dunha bacaloura no bolsiño.
- Cando os corvos berran hai Norte.
- A pata de coello trae boa sorte.
- Cando se deita o cabalo é que vai facer vento.
- Cando as pombas non marchan do pombal a buscar comida vai chover.
- A toupeira deulle os ollos á rá e a rá doulle o rabo á toupeira
- A serpe ten o veneno no ferrete (ou ferrón)
- Cando un lagarto ve a unha muller, doille a cabeza
- Cando unha muller ten a regra e pasa por xunto dun lagarto éste persíguela
- Os lagartos arnaus bótanse ás mulleres que teñen a regra
- Cando se mira para as alacráns hinchán os ollos.
- Os alacráns do monte botan airexa
- Cando se lle collen os paxariños a unha carriza pícalles ós animais ata que os mata
- Cando alguén se acerca a unha lesma, caga por ela.
- Si un sapo che mexa nos ollos quedas cego, e si o fai na boca nacen bochas.
- Cando as galiñas ou os pardales espurruñan na terra vai cambea-lo tempo pra choiva.
- Cando entra na casa unha volvoreta hai carta.
- Se entra na casa unha volvoreta negra vai pasar unha desgracia, ou morre unha persoa.
- Si se ve un corvo solo vai morrer alguén e si se ven mais non.
- Os lagartos con dous rabos chámanse escribientes e si se lles pon un papel debaixo do rabo escriben nel.



- As denociñas bótanse ó encarnado e se ven algún rapaz vestido desa cor bótanse a chuparlle o sangue.
- Cando se atopa unha cobra trae mala sorte.
- As sabanduxas bótanse ó encarnado.
- Cando o moucho chfa pide morte.
- Cando a coruxa fai sinais hai unha desgracia.
- Canta a pega cando hai cartas no correo.
- Cando as anduriñas voan baixo vai cambea-lo tempo.
- Se colles unha carriza tráechela mala sorte.
- O día de Candelaria cásanse os paxariños.

### CONTOS

- A xente non mata ás anduriñas porque cando estaba Cristo na cruz quitáronlle as espiñas e por eso agora teñen o peito manchado co sangue. (Tamén se dí dos paparros).
- Din que a cobra naceu dun galo que tiña sete anos. Aliméntabase do leite dos animais e chupáballe o leite á vaca e a cría da vaca metíalle o rabo na boca.
- O sapo botoulle unha carreira ó raposo e este aceptou. O sapo montou no rabo e cando o raposo estaba chegando baixou e goulle
- Había unha vez un corvo e un raposo que eran compadres. O raposo invitou ó compadre a comer nun pote de papas para ver quen comía máis. Como era moi pillo botou as papas enriba dunha laxe grande. O corvo quedou sin nada porque o compadre raposo lambíase coa lingua namentras el rompía o peteiro. Dalí a uns días o corvo invitou ó raposo a comer papas e botoullas nunha silveira. El comíase e o raposo picouse todo e díxolle: !Ai compadre, as papas están boas pero comíase millor nun caldeiro!.



## REFRANS

- Non hai lúa coma a de xaneiro nin amor coma o primeiro.
- As mareas máis grandes son as dos lagares.
- A auga todo lava, senón a mala fada.
- Da auga correr e da xente falar non se pode privar.
- A lúa de outubro a este cubre, e se chove move.
- As avenidas de San Simón lembradas son.
- Tantos días de sol en nadal como de auga en San Xoan.

## ADIVIÑAS


- Que cousa é a que canto máis se lava máis se luxa. (A AUGA)
- Moitas damas nun corral, todas visten dun vestir, todas cantan un cantar (AS PINGAS DE AUGA)
- Asubfa e non ten boca, anda e non ten pés, tócache na cara e non o ves (O VENTO)
- Que cousa é a que canto máis medra menos se ve (A OSCURIDADE, A NOITE)
- Sempre quedas, sempre quedas, de día durmindo e de noite despertadas (AS ESTRELAS)
- Cal é a cousa que entra no río e non se molla, entra nas brasas e non se abrasa (A SOMBRA)
- Cando pasa polo lume non se queima, cando pasa pola auga non se molla (A SOMBRA)
- Unha sábanea branca, nin de fío nin de algodón, que cubre toda a terra, pero o río non (A NEVE)
- Longo coma un camiño e torto coma un fouciño (O RIO)
- Grande, grande, máis grande que a terra, arde e non se queima, queima e non é candela (O SOL)
- Hai unha cousa que todos a toman e ninguén a rouba (O SOL)
- Son un home importante, ando mellor que o reló, érgome sempre moi cedo e déitome á oración (O SOL)
- Chámanme rei e non teño reino, din que son rubio e non teño pelo, afirman que ando e non me movo, arreglo relós e non son reloxeiro (O SOL)
- Alto pampín, redondo polete, que chova, que neve, el non se derrete. (O SOL)
- Sin ser rica teño cartos, sin morrer nazo nova, e a pesares que non como moitas veces estou chea (A LUA)
- Redondiña coma un pé de mular, pasa o río sin se mollar (A LUA)

# tempo e calendario

## REFRANS

### O TEMPO EN XERAL:

- Cando chove e fai sol anda o demo no fol.
- Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol
- Cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol, con saquetes de alfileres pra espetarlles no cú ás mulleres.
- O ceo empedrado trae o chan mollado.
- Ceo de lán, se non chove hoxe choverá mañáns.
- Cando no ceo hai ovellas logo pingan as tellas.
- Arco da vella ó anoitecer, bó tempo ó amanecer.
- Cando se sinten as campás do Grove, antes dos tres días chove.
- Cando as formigas toman o sol, pouco dura o calor.
- Xiada na lama, choiva na cama.
- Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos (As semás da Cuaresma)
- Se chove o día de Santa Bibiana, chove cuarenta días e unha semana.
- Ceo caspento, ou choiva ou vento.
- En Galicia entra a fame nadando.
- Hastra San Martiño pan e viño, de San Martiño pra diante, fame e frío bastante.
- Lúa nova con tronada, trinta días de invernada.
- En cada tempo o seu tempo.
- Maio turbo e San Xoan craro fan un ano temperado.
- En agosto secan as fontes e en setembro arden os montes.
- As avenidas de San Simón, sonadas son.
- As Avenidas de San Simón, antes ou despois sonadas son.
- Tantos días de sol en Nadal coma de auga en San Xoan.



## OS MESES :

### -XANEIRO:

- Xaneiro xiadeiro.
- Xaneiro arde verdadeiro.
- En xaneiro camiseiro.
- Un día bó de xaneiro é un lobo no quinteiro.
- No xaneiro pon o sombreiro.
- O vinteún de xaneiro unha hora por enteiro.
- No mes de xaneiro sube ó outeiro, se ves verdear ponte a chorar, se ves estercar ponte a cantar.

### -FEBREIRO:

- En febreiro sete capas e un sombreiro.
- Neve febreiriña, tarde ven e logo camiña.
- A xíada de febreiro mata a vaca e maillo leiro.
- Pola Candelaria se chove e venta o inverno entra, se rí e chora a metade do inverno vai fora, se non chora nin rí aínda o inverno está por vir, se chora e deixa de chorar a metade do inverno aínda está por pasar, se non chove nin implora o inverno xa vai fora.
- Por San Brais dúas horas mais.
- Tal o vinteseite, tal o mes seguinte se o vinteoito o consinte.
- Vaite febreiro cos teus vinteoito que si duras mais catro non queda can nin gato.
- Antroído á raxeira, Pascuas á lareira.
- Febreiro, por cada fuelle su regueiro.
- Vaite febreiro cos teus vinteoito que si suras mais catro non queda can nin gato; deixa que ahí ven meu irmán marzo que vos ha de poñer-los cornos no regazo.

### MARZO:

- No marzo hai que saca-la pelica de debaixo do brazo.
- No marzo aínda hai lama no pazo.
- O sol de marzo queima á dama no pazo.
- Marzo iguarzo (igualada días e noites)
- Marzo espigarzo.
- Marzo, marzán, pola mañán cara de risa (de can, porco, rosa...) pola tarde cara de can..
- Marzo, nin rabo de gato mollado.
- Marzo amarzador, se un día é malo, o outro é peor

-O vintecinco de marzo entra a merenda e mailo descanso.

#### ABRIL:

- En abril sale o cuco do cubil.
- En abril non te descubras dun ffo.
- En abril métese a vella no cubil.
- Altas ou baixas, en abril son as Pascuas.
- De abril a maio, mes de descanso.
- En abril, cada pingueira de auga vale por mil.
- En abril, deixa se hai.
- En abril cear sin candil.
- Abril, abril, de cen en cen anos deberías vir,
- As mañanciñas de abril deixádemas pra dormir.
- En abril augas mil.
- Marzo ventoso e abril chuvioso, sacan a maio frorido e fermoso.

#### MAIO:

- En maio aínda a vella queima o tallo e senón malo.
- Maio tolo, nin bo gato nin bo polo.
- Hastra o cuarenta de maio non quite-lo saio.
- Nin en maio son mais as horas que o traballo.
- Ai maio, maiolo, peor aínda é o mes que ven logo.
- Maio longo, San Xoan redondo.
- Maio me molla, maio me enxuga, maio me leva á sepultura.
- Maio pardo e San Xoan claro valen mais que os bois e o carro.

#### XUNIO ou SAN XOAN:

- De San Xoan prás Navidás, os días van pra atrás.
- San Xoan, pola mañán cara de can, a mediodfa cara de alegría.
- Polo San Xoan calqueira burro gana o pan.
- En San Xoan as nove con día dan.
- Hastra San Xoan non te quites o gabán.

#### XULIO:

- Pra coller moitos nabos por Santiago smentalos.





- Por moito que queira ser Xulio, pouco ha de chover.
- Santa Ana, uña pintada.

#### AGOSTO:

- Cando chove en agosto, chove mel e mosto.
- No agosto sol posto, noite connosco.
- Despois da Peregrina, o inverno ven enriba.
- Pasados os Remedios e San Roque, xa non hai siesta nin merendote.

#### SETEMBRO:


- En setembro non hai vella que non temble.
- O día de San Nicolau anda o sol de pau en pau.
- Setembro, ou leva as pontes ou seca as fontes.
- No setembro arden os montes e secan as fontes.

#### OCTUBRO:

- San Francisco fai a rela, San Xosé lévaa.
- Outono quente, inverno doente.
- En outubro a terra estercola e cubre.
- Por San Simón e San Xudas mata o teu porco e atesta as tuas cubas.
- Por San Simón cada moneda vale un doblón.
- Polo San Simón apreta o baldón.

#### NOVEMBRO ou SANTOS:

- De Santos ás Navidás hai sequía de verdá.
- De Santos a Navidá hai inverno de verdá.
- Por Santos nevan os campos.
- Ditoso o mes que empeza con Santos e remata con San Andrés.
- O vran de San Martiño pode ser grande ou pequeniño.
- Hastra San Martiño pan e viño, de San Martiño pra diante pan e viño bastante.
- O vran de San Martiño son tres días e un puquiño.
- En San Martiño remonta cada día un ferradiño.
- Bendito o mes que empeza con Santos e despide con San Andrés.
- De Santos ó Nadal é o inverno natural



## DECEMBRO ou NADAL:

- Por Santa Lucía non cae a noite como o día.
- Santa Lucía quíttalle á noite e ponlle o día.
- Díos nacido, días crecidos.
- Tantos días de sol en nadal como de auga en San Xoan.
- Hastra as Navidás nin fame nin frío, das Navidás pra diante fame e frío bastante.
- Aí ven o mes de Nadal, que non deixe o millo sin apañar.

### A SEMANA:

- Se esta semana é corta, sete días trae a outra.
- Non hai luns sin lúa nin xoves que non alume.
- Martes, nin te cases nin te embarques.
- Martes, durme hastra que te afartes.
- Lúa mercurina, ou auga ou neblina.
- Sábado: non hai sábado sin sol nin María sin amor.
- Chove o sábado e o domingo antes da misa, toda a semana de preguiza.
- Se o domingo chove antes da misa, toda a semana de risa.

### \_\_\_\_\_DITOS\_\_\_\_\_

- Luns, o día dos zapateiros.
- Eres máis atravesado que un xoves.

### \_\_\_\_\_ADIVIÑAS\_\_\_\_\_

- Son o rei de todo o mundo, goberno calqueira nación, teño doce fillos do meu corazón, de cada un trinta netos, uns encarnados e outros negros.( O ANO).
- Son fillo dun milenario, teño outros once irmáns, búscame no calendario se me queres atopar (O MES)
- De doce irmanciños o segundo nación, si son o máis pequeno ¿cómo pode ser así? (FEBREIRO)
- Doce señoritas, con cartos e medias e sin zapatos.(AS HORAS).



**as pessoas**

# o corpo

## ADIVIÑAS

- Na nosa familia somos cinco irmáns, un gordo, un enano, un longo e dous medianos (OS DEDOS DA MAN).
- Somos dous irmáns xemelos, do mesmo modo vestidos, morremos tódalas noites e pola mañán vivimos (OS OLLOS)
- Somos irmáns xemelos, nacemos de día e de noite morremos (OS OLLOS)
- Nun convento de monxas todas visten de branco, e a superiora de encarnado; mais arriba das ventanás, mais arriba dous espellos, mais arriba un camiñoño pra pasea-los cabaleiros (A CARA).
- Nesta bola de reboia hai unha portela aberta, un marco con dous furados e dúas fontes a deitar cando o neno está a chorar (A CARA).
- ¿Qué cousa é a que tiran os probes e gardan os ricos? (OS MOCOS)
- Unha cousa que sempre está na casa e sempre está mollada (A LINGUA)
- Unha señora moi enxeñada, sempre vai en coche e sempre vai mollada (A LINGUA)
- Que rico papaginete metido nun gabinete, nin cocido, nin asado, nin comido con cuchara, nunca ti o acertaras sin que eu cho dixera (A LINGUA).
- Pelo por fora, pelo por dentro, arrecáchalle a perna e métello dentro (O PE NO CALCETIN)
- Veludo por fora, veludo por dentro, veu un peludo e meteuse dentro (A CABEZA NA GORRA).
- Pozo fondo, corda longa (ou larga) e si non dobra non alcanza (O BRAZO E A BOCA)
- Negro fun de nacemento, logo de branco vestín, poucas persoas me queren, pero sinten respecto por min (AS CANAS)

### \_PRA RECITAR XOGANDO COS NENOS PEQUENOS

- Este queixo queixolán, esta boca pide pan, este ollo revirete, este nariz naricete, arráncate cabaleta. (Rematábase tirando do nariz)
- Man morta, man morta, peta na tua porta (collendo a man mentras se recita e ó final dásele na cara)
- Palma repalma, chica morena ¿cómo a queres, grande ou pequena? (facéndolle góchicas co dedo na palma da man mentras se recitaba e ó final dase unha palmada).

### \_CANDO CAIA UN DENTE

- San Xulián, lévame este dente podre e tráeme outro san.
- Dente fora, cagallón na cova, (recitábase mentras se tiraba o dente á borralleira ou enriba do forno).

## as edades \_\_\_\_\_ o neno \_\_\_\_\_

### REFRANS

- Os seis meses sentarei, daranme pan e comerei.
- Orates frates, con rapaces nunca trates.
- Quen con rapaces se deita mexado (ou cagado) se levanta.
- Pronto endentecer, pronto hermandecer

## os mozos \_\_\_\_\_

### REFRANS

- As mulleres mozas son peligrosas.
- Moza tola por casar, mala é de gardar.
- Se a vella é gaiteira, que fará a moza solteira.
- O que de mozo non traballa de vello durme na palla.
- Se de mozo non traballas, de vello durmes na palla.
- Xente nova e leña verde todo é fume.
- De novo galiña, de vello sardiña.

## home e muller \_\_\_\_\_

### REFRANS

- Patada no cu e piña no peito, home dereito.
- De vinte bo mozo, de trinta forzoso, de cuarenta capaz e de cincuenta pra atrás.
- Home pequeno, fol de veneno.
- Home pequeno fel e veneno.
- Home torto e can rabelo !hai que roelo!
- Home de vara, home de nada.
- Home de pedra, home de merda.
- Un home é un home e un gato é un bicho.
- Un home é un home anque a muller lle pegue.
- Un home é un home anque durma debaixo da cama.
- O home e o oso canto mais feo mais fermoso.
- Na casa de Xandarela, non manda el que manda ela.
- Home faladeiro, home mentideiro.
- Val mais unha muller guisando que cen latricando.
- Muller que asubía e fía de pé, nunca boa é





- Muller pequeniña é un regalo, vale máis pouco e bó ca moito e malo
- A muller e mailo vento cambian nun momento.
- As solteiras mel, as casadas fel.
- Home celoso nunca ten repouso.
- Bonitura, sete fillos disimula.
- A muller e a besta a ninguén se empresta.
- Coa muller e o diñeiro non te bulres compañeiro.
- A muller e a sartén na cociña está ben.
- Se o segredo é de muller, segredo deixa de ser.
- San Antonio deame un home, anque me mate, anque me esfole.
- A muller e o loro, fálano todo.
- A muller que lle pega ó home, fai ben, se pode.
- A muller e a ovella con día á cortella.
- A muller e o vidro sempre están en perigo.
- Muller pecosa, muller fermosa.
- En bagoas de muller non se pode creer.
- Muller peluda de lonxe se saúda.
- Muller peluda, muller forzada.
- Muller peluda, por duas ou por ningunha.
- A miña muller é da raza da miña sogra.
- A muller como a gaivota, canto mais vella mais loca.
- Muller morta, sete á porta.
- Vale mais un home que sete (ou trinta) mulleres.
- Mais vale pequeno e agudo que grande e burro.
- A muller apurruada ou puta ou ladra.
- A primeira muller escrava, a segunda señora.
- Cuñada, sogra e muller, son malas de coñecer.
- Home chorón, home cabrón (ou fodón).
- O home é o único animal que tropeza duas veces na mesma pedra.
- Home trampón e muller mentireira, na casa de quen os queira

# CANTARES

-A sardiña desta ría  
case brinca no panel,  
pequeniña, redondiña,  
así quer se-la muller.

-O marrán de tres semanas,  
o cabritiño dun mes,  
a meniña de quince anos  
e o galán de vintatrés.



-No Cruceiro boas mozas,  
Cacabelos a flor delas,  
no Sineiro borralentas  
e en Sameiro todas vellas.

-Cando era pequeniña,  
traíanme piripuesta,  
cunha saíña de lan  
amarrada cunha xesta.

-Chamásteme moreniña,  
chamásteme moreneira,  
chamásteme moreniña,  
eche do sol que me queima.

-Para pan de trigo Caldas,  
para viño Lantañón,  
e pra fungueiros de carro  
as mozas de Corbillón.

-Os solteiros valen ouro,  
os casados valen prata,  
os viúdos calderilla  
e os vellos folla de lata.

-E vela ahí vai,  
e vela ahí ven,  
a muller borracha  
e o home tamén

-Santa Baía boas mozas,  
San Martiño a flor delas,  
Cambados o refugallo,  
San Adrián todas vellas.

-Arriba pandeiro verde,  
abaixo manta dourada,  
onde estamos as mulleres  
os homes non valen nada.

-A jota, jota,  
dos cascabeles,  
val mais un home  
ca trinta mulleres.

-Non quero home pequeno  
e a miña ha de valer,  
que me parece na casa  
unha escoba de barrer.

-María ten sete saias  
e todas lle quedan ben,  
debaixo das sete saias,  
ten a máquina do tren.

-Eres alto coma un pino,  
delgadiño coma un piñón,  
non te creas por eso tan chulo  
que non vales un patacón.

### ADIVIÑAS

-¿Cal é o mes no que falan menos as mulleres (FEBREIRO)

-¿Cál é o animal que de pequeno anda a catro patas, de grande a dúas e de vello a tres (O HOME)

# os vellos

## REFRANS

- De pequeno rei, de mozo galán, de casado burro e de vello can.
- Dos cuarenta pra arriba non molle-la barriga.
- Se queres chegar a vello sube as costas a modiño, e no tocante a outras cousas vaite tamén paseniño.
- O que ós cuarenta non atina e ós cincuenta non adiviña ós sesenta desatina.
- Cando o home mexa nas botas xa non pensa nas mozas.
- Unha vez vello, duas veces meniño.
- O mozo pode morrer pero o vello non pode vivir.
- Vai a vella morrendo e vai aprendendo.
- Contra a morte non hai home forte,

## CANTARES

-Unha vella e mais un vello  
andiveron ós cachetes  
a vella caeu debaixo  
e o vello chantoulle os dentes.

-Eu caseime cun velliño  
cun velliño xa de días,  
entroume o gurgullo nel  
e comeulle as alegrías.


## DITOS

- Ser mais vello que as Goritas (cons que hai no mar).

# a familia

## REFRANS

- Os fillos da miña filla meus netos son, os da miña sogra serán ou non.
- Tal pai, tal fillo.
- Mal raio parta ó fillo que non lle semella ó pai.
- Ou nas mans ou nos pés has de tirar a quen és.
- O fillo que non se parece ó pai é un porco.
- Nin o barco anda sin vento nin a muller pare sin tempo.
- Tres fillas e unha nai, catro demos pra un pai.
- Nai e filla, caben nunha camisa, sogra e nora non caben na tela toda.
- Canto mais prima mais se lle arrima.



## ADIVIÑAS

- Eu teño unha tía, miña tía ten unha irmán que non é miña tía ¿Quén pode ser? (MIÑA NAI)
- Estou pensando e pensando, de pensar vólcome tola, coa sogra da muller do meu irmán ¿Qué parentesco me toca? (MIÑA NAI)
- Adiviña adiviñador, se podes adiviñar: dous pais e máis dous fillos foron xuntos a cazar, mataron solo tres coellos e tocán a un cada cal (PAI, FILLO e NETO).

## CANTARES

- |                                                                                                                 |                                                                                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| -Miña sogra morreu onte<br>enterreina nun palleiro,<br>deixeille un brazo de fora<br>pra que tocara o pandeiro. | -Vai decindo a tua nai<br>que non lle gusto pra nora,<br>quen lle dixo a esa señora<br>que me gustaba pra sogra. |
| -Miña nai, miña naiciña,<br>miña nai non teño outra,<br>quedoume no lavadoiro<br>cando fun lava-la roupa.       | -Coida meu pai que me ten<br>debaixo do pe dereito,<br>fago a cama no sobrado<br>non sabe cando me deito.        |

## o estado

### REFRANS

- Casar, casar, sona ben e sabe mal.
- Casar e morrer a última hora.
- Casar e morrer todo á vez.
- Palabras de casamento, moitas lévaas o vento.
- Lonxe vas casar, demo vas buscar.
- O que a lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.
- O que ós vinte non busca e ós trinta non ten pouco espera do seu ben.
- O que ós vinte non é home, ós trinta non se casa, ós cuarenta non ten casa e ós cincuenta non é rico,  
!arre borrico!.
- Cuñada, sogra e muller, son malas de coñecer.
- Pulgas ten a viúda e non ten quen llas sacuda.

- Caricia de sogra, caricia do demo
- Na miña casa mando eu porque son viúdo.
- De cuñado nunca esperes bocado.
- Fillo eres e pai serás, como as fixeres, así as terás.
- A leira xa labrada, a viña xa plantada e a sogra xa enterrada.
- Fillos casados, ladróns declarados.
- O fillo da viúda, ou mal criado ou mal acostumbrado.
- O casado casa quere.

## CANTARES

-Miña nai quere casar  
cun home que enviudou,  
non quero cría-los pitos  
que outra galiña deitou.

-Unha viúda morreu  
a pouco que o home finou,  
disque foi de pena  
porque outro non atopou.

-Heime de casar no Grove  
que é terra de moito pan,  
o forno da miña sogra  
cría silvas polo vran.

-Eu caseime no Araño  
coa filla do Arañón,  
ela bonita non era,  
probe sí, honrada non.

-O casado casa quere,  
ó solteiro non lla dan,  
o que ha de ser casadiño  
ha de facer polo pan.

-Eu caseime por un ano  
por ver que vida che era,  
o ano vaíse acabando  
quen solteiriño me deta.

-Heime de casar no Grove  
cun señor que teña don,  
que teña pulgas de acuarta  
e piollos de cuarterón.

-Eu caseime na montaña  
por terra de moito gran,  
o forno da miña sogra  
botaba silvas no vran.

-Agora xa non se estila  
pedirlle as fillas ós pais,  
senón entrar pola porta  
!meu sogro como lle vai!

-Cásate Xan en Domingo,  
estarás o luns de boda,  
e o martes traballarás  
para mante-la tua noiva.



# —as relacións—


## O AMOR:

### REFRANS

- O sol da porta non quenta.
- Canto máis lonxe, máis perto do corazón.
- Os mais reñidos os mais queridos.
- O amor e a lúa traen fartura.
- Quen pareu que arrole e sinón pasar sin home.
- Polos santos bícanse as peanas, e polas mozas ouséquiense ás vellas.
- Sê queres foder a un probe sâcao de Cambados e cásao (ou méteo) no Grove.
- Mans frías amores tódolos días, mans quentes amores ausentes.
- Ollos que non ven, corazón que non sinte.
- Lonxe da vista, lonxe do corazón.
- Tí pra min e eu pra tí.

### CANTARES

- Ai Manueliño Manuel,  
Mnuel o da rúa alta,  
tódalas mozas te queren  
porque lles toca-la flauta.
- O baldrocas do meu home  
pasa o día na taberna,  
seica tanto coma o viño,  
seica, seica a taberneira.
- Quedaches de vir ás nove,  
viñeches ás nove e media,  
pensas que non é pecado  
engañar a unha morena.



- A raíz do toxo verde  
é moi mala de arrincar,  
os amoriños primeiros  
son moi malos de olvidar.
- Por un momento de gusto,  
nove meses de penar,  
unha semana de cama  
e dous anos de arrolar.
- Non te namores meniña,  
meniña non te namores,  
non te namores meniña,  
das palabriñas dos homes.

-Acórdate da "m"  
acórdate da "j"  
se xunta -las dúas  
acordaráste de min.

-Hainos que temen a morte,  
ou que temen á door,  
eu teño medo a quedarme  
sin a túa consolación

-Que triste é o día sin sol,  
que triste é unha noite sin lúa,  
pero máis triste é o mar  
sin esperanza ningunha

-As tellas do meu tellado  
botan auga sin chover,  
tamén a botan os meus ollos  
cando non te poden ver

-A ponte vou por auga,  
e ó muiño a moer,  
e á casa dos teus pais  
vou para poderte ver

-Paxariño, paxariño,  
dille que o estou esperando,  
pero por favor cho pido  
non lle digas que estou chorando.

-Unha cinta pra ser cinta  
non pode ter dous cores,  
e unha muller para ser muller  
non pode ter dous amores.

-Adeus casa dos meus pais,  
casa das catro esquinas,  
para min xa remataron  
as entradas e saídas

-Quixera pasar a verte  
coa auga non podo  
pásame Manuel da alma  
no teu cabalo lixeiro

-Dicen que me vas a dar  
valiente unha puñalada,  
eu tamé cha recibo  
se tí ma das cara a cara

-Carmela berrou con Chuco  
na carballeira dabaixo,  
porque lle picou un toxo  
que levaba no refaixo

-Anda Carmela,  
dame un bico pequeno,  
-non non cho dou Manoliño  
ténhoche medo

-Teño unha herba na horta  
que bota leite amarelo,  
para ti contestarme a min  
tés pouco brelo.

-Teño unha herba na horta  
que bota leite amarelo,  
para tí falar conmigo  
tenche a saia pouco vuelo.

-Eres alta, eres baixa,  
eres coma eu te quero,  
eres coma unha laranxa  
que saíu do laranxeiro

-Chamásteme moreniña,  
foi co polvo da eira,  
se me miras o domingo  
como a rosa da roseira.

-Debaixo dunha ventana  
estaba unha codorniz,  
deséxoches Xoán  
que sexas moí feliz

-Moza que estás no balcón  
arretírate pra dentro,  
non fagas pecar ó home  
no sexto mandamento

-Moza que estás no balcón  
coa punta do pano fóra,  
se non me ensinas a cara  
o pano non me namora

-Olvidástesme por pobre,  
eu por rico te deixei,  
vale máis un pobre con honra  
que un rico con mala fé. (ou lei)

-Eu do aire me namorei,  
do aire dunha muller,  
como a muller era aire,  
no aire me quedei.

-Meniña, miña meniña,  
os mandamentos son dez  
para tí e para mñ,  
foron feitos ó revés.

-Debaixo da sepultura  
podrece o ben que eu ameí,  
e nela de auga bendita,  
síquera pinga botel.

-Non poñas o pé no meu  
nin a man na miña sala,  
que anque son moza solteira  
espero de ser casada.

-Se é que vés aquí por verme  
queridiño Deus cho pague,  
mais se vés por outra cousa  
gastas zapatos en balde.

-Adiós rapaciña, adiós,  
eu para tí xa non era,  
unque mais altos navfos  
navegan con menos vela.

-Unha mazán bermelliña  
picada dun rui señor,  
quen a picou que a roía  
que lle levou o millor.

-Casaime meu pai casaime  
miña filla non hai roupa,  
casaime meu pai casaime  
que unha perna quenta á outra.

-Non quero zapato baixo  
que se me enterra na area,  
non quero amores de lonxe  
que os teño na miña aldea.

-Sempre suspirei de moza  
por un guapo labrador,  
agora tamén o teño  
borrachón e xogador.

-Escribírame unha carta  
se ti a souberas ler,  
pois de ter que lercha outro  
alá iría o ben querer.

-Cantairiño pica, pica,  
pica na pedra miúda,  
pica na muller allea,  
que outro picará na tua.

-Sempre dís que non tes cruz  
para reza-lo rosario,  
cásate miña meniña  
e terás cruz e calvario.

-Nena que vende-las peras,  
¿cántas che mandaron dar?,  
para tí meu galaniño  
non mas mandaron contar.

-A muller de malpocado  
está bailando na eira,  
e malpocado mirando  
como a muller se peneira.

-Os mociños que hai agora  
son poucos e van a menos,  
van a tres chicas a ducia  
coma os xurelos pequenos.

-Ten coidado Maruxiña  
cando te deites na cama,  
que non vaia vi-lo trasno  
e facerche unha trasnada.

-Téñоче un can de palleiro  
que de noite anda ceibado,  
!ten coidado Maruxiña!,  
!Maruxiña ten coidado!.

-Unha vez caín no río,  
outra vez caín no mar,  
outra caín nos teus brazos,  
non me poiden levantar.

-Miña sogra quere-me mal  
porque lle ando co fillo,  
heille decir á miña sogra  
que o meta no bolsiño.

-Miña nai doime a barriga,  
miña filla confesión,  
as castañas que comeches  
¿de qué castañeiro son?

-Chamásteme pito caíro  
porque nacín en xaneiro,  
si o raposo non me come,  
cantarei no teu poleiro.

-Maruxiña dame un bico  
que che hei dar un pataco,  
-non quero bicos dos homes  
que me cheiran a tabaco

-Se me deras o que eu pido,  
que non che pido diñeiro,  
que che pido a túa ovella  
pra turrar co meu carneiro

- E ti telo, telo,  
que queiras que non,  
debaixo da saia  
te-lo pantalón

- Maruxa se vas á herba  
eu ireiche erguer,  
dareixe unha aperta  
ó meu parecer

- Quixera verte e non verte,  
quixera amarte e non amarte,  
quixera pegarche un tiro  
e non quixera matarte.

- Meniña, ti ere-lo demo  
que me andas atentando,  
vou ó río, vou á fonte,  
sempre te atopo lavando.

-Maruxiña vai no monte  
buscando un carro de toxo,  
ten coidado Maruxiña  
que vas no cú do raposo

-No alto de Milanova  
hei de dar un asubfo,  
adeús mociñas de Xeve  
non poido pasa-lo río

-Na banda do río  
oín cantar e chorei,  
váíame Deus como cantan,  
amores que eu olvidei

-Da túa casa á miña  
hei de facer unha parra  
pra que cando vaías á misa  
non che dea o sol na cara.

-Chamásteme moreniña  
á vista de tanta xente,  
agora vaime quedar  
moreniña para sempre

-Tiven un amor pasadeiro,  
pasadeiro e sin rencor,  
conmigo saleu un mes  
e casou con outro ós tres.

-Se mo distes non mo deras  
que eu pedir non cho pedín,  
dístesllo a quen quixestes  
e quéresmo cobrar a min

-O día que eu me case  
queira Deus que non apareza,  
nin cura nin sacristán  
nin as chaves da igrexa

-Cando paso pola tua porta,  
collo pan e vou comendo,  
pra que a tua nai non diga  
que do teu eu me manteño.

-A lúa vai encuberta  
con pano de tafetán,  
as mociñas que me queren (que quero)  
nesta aldea non están

-Santa María, casarme quería  
cunha velliña de Vilagarcía,  
dáballe caldo e non o quería  
dáballe leite, que ben o lambía.

-Sácate desa ventana,  
non me sexas ventaneira,  
a cuba que ten bo viño,  
non necesita bandeira.

-Pídlle a Dios dos ceos  
e á Virxe do Pilar,  
que a tua roupa e a miña  
viáxen xuntas a lavar.

-Canto mais fondo é o pozo  
mais crara se ve a auga,  
canto mais lonxe de tí  
mais firme é a miña palabra.

-A naranxa naceu verde  
e co tempo madurou,  
o meu corazón era libre  
hastra que o teu o conquistou.

-Canto me tarda ese día  
para min tan desexado  
de que me chegue a licencia  
para estar sempre ó teu lado

-Arrabea pola peneira,  
arrabea por peneirar,  
arrabea por ter un mozo,  
arrabea por se casar.

-Unha noite hei de ir alá,  
 meniña non teñas medo,  
deixame a porta atrancada  
cunha palla de centeo.

-O pasa-lo regueiriño  
dixenche que sí, que sí,  
o regueiriño pasado  
catro cornos para tí.

-O muíño troula, troula,  
nunca deixa de troular,  
a ladra da muíñeira  
rabea por se casar.

-Canta tí, cantarei eu,  
iremos os dous cantando,  
cante que tivera amores  
que os meus estánse acabando.

-Onte pasei a tua porta  
sentín chorar un meniño,  
o meniño non ten pai  
e tí tampouco marido.

-Non me tires con pedriñas,  
nin con onzas recortadas,  
xa sabes que non te quero  
non me sigas as pisadas.

-A saída de Cambados  
topeime cunha morena,  
e pedílle a man dereita  
para casarme con ela.

-O Ribeiro é ben pequeno  
solo ten a carretera,  
hai unha rapaza guapa,  
eu casábame con ela.

-As mociñas de Cambados,  
choran e teñen razón,  
porque lle marchan os mozos  
todos pra Corbillón.

-O subila e ó baixala  
a costa de Tremoedo,  
ó subila e ó baixala  
perdín a cinta do pelo.

-Arrabea pexegueiro  
arrabea polo pé,  
aínda che ha de rabea-la lingua  
por decir o que non é

-Chamásteme trobisqueira  
herba que o gando non come,  
mais vale ser trobisqueira  
que muller de ruín home.

-A fonte vai ó regueiro,  
o regueiro vai ó mar,  
cando un amor escomenza  
non se sabe a onde irá.

-De tinta poño o meu sangue  
de tinteiro o corazón,  
e das túas fermosas mans  
espero contestación

-O mar tirei un limón  
e veume a metade,  
é a tí quéroto moito  
e ti a mis con falsedade

-Teño unha herba na horta  
que lle chaman rompe-rompe,  
teño un perico na corte,  
queira Deus que non te monte

-Eiche de botar por riba,  
por riba un calacú,  
aínda che hei de poñe-la cara  
como teu pai ten o cú



## A AMISTADE E A COMPAÑIA:

### REFRANS

- O que visita na boda e non na enfermidade non é amigo de verdade.
- Do amigo que non che empreste fuxe del coma da peste.
- Si te vín, non me acordo.
- Moitos son os amigos e poucos os escollidos.
- Mais vale andar soio que mal acompañado.
- A boa compañía vale mais que un bo xantar.
- Anda cos bos e serás un deles.
- Calqueira cousiña menos unha mala veciña.
- O que a boa árbore se arrima boa sombra lle acobilla.
- Vida sin amigo, morte sin testigo.
- Dime con quen andas e direiche as tuas mañas.
- Quen ben te quere farate chorar. / Festa sin amigos, festexo perdido
- A mortos e a idos non hai amigos.
- O conto do teu peito no contes ó teu amigo, que mañán será o teu testigo.
- A tua casa levará con quen chorarás.
- Moitas veces leva o home á sua casa a xentes que lle fan chorar.
- As visitas que nos gustan, gusto nos dan.
- Son coma uña e carne.
- Cousa de tres non dura un mes.
- O que dos seus se bota, cos alleos mal se encontra.


## AMOS E CRIADOS:

### REFRANS

- Non pidas a quen pideu, nin sirvas a quen sirveu.
- Na casa do bo amo, alí morre o bo criado.
- O vestido do criado ben dí que é o señor.
- O mandar non quere par.

### CANTAR

- Catro cousas quere o amo do criado que o sirve,  
tarde á cama, erguerse cedo, comer pouco e andar alegre.



calqueira cousiña menos  
unha mala veciña



a mortos e idos  
non hai amigos

# a saúde

## REFRANS

- A saúde val pola riqueza.
- O que moito dorme pouco vive.
- Mais cura a dieta que a lanceta.
- Auga fría e pan quente nunca fan bo vientre.
- Despois de almorzar non te poñas a fumar e despois de xantar deitate a descansar.
- Non hai mellor ciruxán que a boa carne, o bó viño e o bó pan.
- Non hai mellor ciruxán que a boa carne, o bó trago e o bó pan.
- O vinagre e o limón, medio ciruxanos son.
- Das grandes ceas están as sepulturas cheas.
- Almorza ben, come máis, cea pouco e vivirás

## CREENCIAS

- Cando non se teñen meniños hai que ir á Lanzada e bañarse en nove olas ás doce da noite de S. Xoan.
- Cando se está preñada e se ten unha raia en toda a barriga nace un meniño e se non é meniña.
- Cando se bota unha moneda polo sostén, se cae tense un meniño e se non unha meniña.
- Se unha muller preñada come marisco (ou o home tamén) e toca coas mans sin lavar en calqueira parte do corpo sállelle o meniño cunha mancha nesa parte.
- As mulleres preñadas non poden ir de madriñas senón mórrelles o meniño.
- Cando non se bincan os meniños hai que ir ás doce da noite a unha ponte que teña un cruceiro e pedir-lle ó primeiro que pase que sexa o padriño do meniño. Faise o bautizo botando auga por riba da barriga da nai, despois cómese o que se levou preparado e ó rematar tírase ó río todo o que se usou, incluíu dos platos e vasos.
- Non se poden sacar da casa os meniños antes de bautizalos, senón poden morrer.
- Cando se bautiza un meniño, se non se reza ben o credo non aprende a falar.
- Cando pasa un enterro, se hai meniños na casa e están dormindo hai que despertalos pra que non collan o aire do morto. Se os meniños están na porta da casa hai que metelos dentro.
- Cando pasa un animal por riba dun meniño pode colle-lo aire.
- Cando os meniños tardan en andar ou falar lévanse a un cruceiro ás doce do día mentras toca a campá e dan voltas arredor do cruceiro agarrados da nai e cun pau na man.
- Non se pode saltar por riba dos meniños pequenos senón non medran.
- As mulleres preñadas non poden ver ós mortos senón os meniños non nacen.

- Cando se din tramapas salen manchas brancas nas uñas.
- Os que teñen o pelo rematado en pico na fronte quedan viúdos.
- Pra curarse do meigallo hai que ir á Armenteira ou á Lanzada.
- Os días que non teñen "r" non se poden corta-las uñas porque nacen blandas e non medran.
- Cando se ten un arzón recítase "arzón arzón, vaite pró ollo daquel ladrón" sinalando a outra persoa.
- Si se contan as estrelas e se dí'estrela alí, espulla aquí" ó chegar a contar trece nace unha espulla no sitio que se sinala.



### REMEDIOS TRADICIONAIS

**QUEIMADURAS:** úsase viño, grasa, xema de ovo, fariña, pirixel frito, vinagre con sal, aceite ou follas de fabón postas enriba da grasa. Cando é queimadura de aceite móllase en viño.

**GRANOS OU CARAFUNCHOS:** limón, grasa, vinagre, cebola, conchelos (cóllese a folla, despeléxase, e ponse enriba do grano a parte despelexada); mezcla de allo, aceite e vinagre; lavalos con infusión de chantaxe.

**INFLAMACIONES POR GOLPES:** grasa de porco, vinagre, poñerlle unha moneda enriba con ou sin grasa, dar fregas con vinagre, poñer unha tela de araña e tapala cun trapo; esmagar sal con vinagre, botalo nun trapo e poñelo enriba da mazadura durante seis horas.

**PRA DAR FREGAS:** estrugas, caña, grasa quente.

ESPULLAS: Ifquido de silelonga ou celidonia (leiteira), e allo.

FRIEIRAS: laranxa brava, acebo.

PICADURAS DE INSECTOS: fregas con allo, alcohol, caña ou vinagre. Poñer enriba xelo, unha mone-  
da.

PICADURAS DE ESTRUGAS: mentrastes (ou maltrastes), e vinagre, alcohol ou colonia.

PICAZON DA PEL: allo.

CORTES E FERIDAS: metelos en auga salada, botarlles zucre, metelos en auga fría; cubrilos con  
emplastos de folla de nogal, chantaxe, folla de xigante, conchelos, follas de letra de ouro, herba do  
bichoco, artemixa fervida, bálsamo. Pra estanca-lo sangre úsase a herba dos cortes.

Lengua de ovella: botar zumo dunha folla de lingua de ovella no corte e tapar con outra folla.

Resina de piñeiro: espelexar un pino novo co coitelo e a augadilla que lle cae bótase enriba do corte.

Aceite de rato: collíanse ratos recién nacidos e botábanse a amolecer nunha botella con aceite; gardába-  
se e usábase pra face-las curas.

Malvón: emplastes pra poñer enriba da ferida.

TORCEDURAS: correlas usando prás fregas aceite; auga con vinagre e sal, ou aceite e sal. Parches de  
estrugas esmagadas.

OSOS: herba paletaria, solda.

CIRCULACION DO SANGRE: infusións de estrugas.

HEMORRAXIAS DO NARIZ: humedece-la nuca con auga, cheirar vinagre ou botar limón polo nariz.

REUMA: pra prevenilo comer cebolas. Pra combatilo : pica-pica, grama, estrugas, ruda e allo.

POSTURAS: ruda. Fomentos de auga quente ou bolsas de area quente.

OLLOS: pra lavalos infusións de manzanilla ou flores de sabugueiro. Os arzáns frotalos con allo. Can-  
do se teñen hinchados pónselle unha rebanda fina de pataca atada cun trapo.

LABIOS DO NORTE: grasa.

DOLOR DE MUELAS: cando lle doen os dentes ós nenos pequenos pónselle mel nas enxibas. Pró dolor  
botar na moa: coñac, caña, allo, unha area de sal, tabaco ou mexo.

PELO: pra que non caiga lavallo con infusións de romeu.

DOLORES EN XERAL: ferver mexo virxe misturalo con borralla e remexelo ben. Bótase nunha palan-gana e pónselle unha peineta enriba. Despois ponse a parte do corpo que doi enriba e ó día seguinte cúrase.

DOLOR DE CABEZA: herba de ervenã, café con mel, planchas de sebo, herba boa, e poñer rebandas finas de pataca atadas cun trapo.

DOLOR DE GARGANTA: mel, rosál (infusión de brotes); auga de limón; café frío; mezcla de vinagre, auga e limón; auga fervida na sartén con azúcar e unturas de ansulla de galiña.

DOLOR DO PEITO: unturas de sebo de carneiro derretido.

DOLORES DOS PES: lavalos en auga quente con sal.

DOLORES E MALESTAR DE ESTOMAGO E BARRIGA: auga fervida con cebolas, masaxes de aceite, auga da sartén, manteiga, manzanilla, infusións de menta, mirto, cano roibo, naranxeiro, ruda, té, ou té bravo, té con limón, infusión mezclada de follas de naranxeiro, ruda e té bravo. Pañar unha pouca herba da que hai nas leiras e poñela a secar, facer unha infusión e tomala despois das comidas.

LAVA-LOESTOMAGO: infusións de sen.

COLICOS: ruda, menta galega e castelán, lentebruño. Merda de galiña: botala nunha tarteira con au-ga e fervela durante un cuarto de hora, colala, botarlle azúcar e beber en varias veces (seis ou sete).

PURGANTES: ruibarbo.

LOMBRIGAS: menta, cheirar ruda (pónselle ós nenos no peito cando van prá cama ou debaixo da almo-hada durante tres ou catro días).

DESCOMPOSICION DE VIENTRE: infusións de urxela, maltrastes, e auga de arroz.

EMPACHO: manzaniña, té, artemixa (en infusións). Zumo de limón ou fregas de aceite na barriga e no lombo.

ABRI-LO APETITO: infusións de viperina, cardo ou frol de romeu.

PRA NON DEVOLVE-LA COMIDA: manzanilla, cheirar limón ou comelo e poñer un esparadrapo enriba do embigo.



**EXTREÑIMENTO:** naranxas fervidas en auga. Prós nenos meterlles un cano de píxel ou un cano de ver-  
dura untado en aceite polo cú.

**INFECCIONS:** lirio branco.

**INFECCIONS NA BOCA:** enxaguala con manzanilla ou auga fervida con sal.

**DESINFECTAR:** vapores de eucalipto ou herba boa.

**TOS:** auga de rato, auga de malva, infusións de menta ou romeu, tomar mel.

**TOSFERINA:** dar voltas arredor dun piñeiro manso.

**CATARRO:** mel, leite con coñac, limóns, laranxas, vapores de eucalipto, infusións de trebo, cebola,  
follas de loureiro, romeu. Infusión misturada de mel, caña e limón fervido.

**GRIPE:** leite fervendo con caña queimada, mel, manzanilla con mel e limón; baño de auga quente e despois  
meterse na cama ben acochado con mantas.

**FIEBRE:** xelo, naranxas fervidas en auga.

**BRONQUIOS:** infusións de trebo, ourego, piñas verdes, mirto, fento dos valos.

**RESFRIADO:** mirto, bafo de caña, vapores de eucalipto.

**TUBERCULOSIS:** faísca (infusións).

**RILES:** pró dolor cebola roxa.

**PAPEIRAS.** pochadas de fariña milla.

**TIFUS:** carne de rato.


**DIABETES:** viño quente con estrugas e follas de eucalipto.

**NERVIOS:** agripalma, follas dos brizos.

**ULCERA:** rabizas e malvón.

**IMSOMNIO:** infusións de pétalos de amapola,

**MALES DA VAXINA:** lavados con infusión de ruda.



CALAMBRES: fregas con herba moura.

APAGA-LA SEDE: infusións de agripalma.

CONTRA O FRIO: caña sola ou con leite.

PREVENI-LA RABIA: comer allos.


## a comida

### REFRANS

- O que non mata engorda.
- Do que se come se crfa.
- Comer e rañar todo o malo é empezar.
- Almorzo cedo crfa carne e sebo.
- O amor e o xantar cómese antes de enfrfar.
- O caldo sin pan no inferno o dan.
- Auga fría e pan quente nunca fan bó ventre.
- Canto vai á sartén sabe ben.
- Anque comas azafrán, a boca que che sepa a pan.
- Amigo por amigo, o bo pan e o bo viño.
- Viño en sopas non emborracha.
- Val mais podrido ca mal comido.
- A fame, a muller e a pingueira sacan ó home á eira.
- A gana de comer fai á vella correr.
- En casa chea logo se fai a cea.
- Disfruta, come e bebe que a vida é breve.
- Come e bebe e non penses no que debes.
- O que ten vergonza nin come nin almorza, o que non a ten almorza ben.

### ADIVIÑAS

- Estudiante que estudiaches nos libros de Salamanca, ¿Cál é a cousa cocida que antes de comela se asa (A MORCILLA).
- Adiviña, adiviñanza ¿Cál é o bicho que roe na panza.



- Metino duro, saqueino blando, metino limpo, saqueino encarnado (O PAN NO VIÑO TINTO)
- Pau, sobre pau liño, sobre liño frores e arredor amores (A MESA DE XANTAR)
- Estando dous pés enriba dun tres pés comendo un pé, veu catro pés e quitoulle o pé. Dous pés tiroulle o tres pés a catro pés pra que lle soltara o pé. (O HOME, A BANQUETA, O CAN e UN PEZUÑO).

### \_\_\_\_\_CANTARES\_\_\_\_\_

Polo mar abaixo  
vai unha sartén,  
vai fretindo peixes  
han de saber ben.

## -a filosofía da vida\_\_\_\_\_

### \_\_\_\_\_REFRANS\_\_\_\_\_

#### NIVEL SOCIAL. RIQUEZA-POBREZA

- Probeza non é vileza.
- Non se acorda o cura de cando foi sacristán.
- A probe non prometas e a rico non debas.
- Na casa do abade, comede, bebede, levade.
- Se de rico te queres volver probe sal de Cambados e métete no GROve.
- Se queres amolar a un probe sâcao de Cambados e méteo no GROve.
- Cartos chaman ós cartos, pero os moitos ós poucos.
- Canto tês, canto vales.
- Na casa do cura sempre hai fartura.
- O que zapatillas calza e da muller fai caso nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.




## O INTERES:

- Cada un fala da feira según lle vai nela.
- Cada cal sente o frío según como vaia vestido.
- O que parte e ben reparte pra s'í garda a mellor parte.
- Pra quen non quere teño eu moito.
- Non se pillan troitas a bragas enxoitas.
- Na feira de Vilaverde o que mais pon mais perde.
- Cando entra un crego nunha casa ou vai meter ou sacar.
- Chámasme a partir, chámasme a refir.
- Sarna con gusto non pica.
- Querer é poder.
- Auga que non has de beber deixaa correr.
- Cando o enemigo sexa mais forte únete a el.
- Os da vila queren que lles den e non que lles pidan.
- Záfate Marín que eu xa me zaffn.
- O que lle pique que se rasque.
- O que foi a Sevilla perdeu a silla.
- O que foi e volveu non a perdeu.
- Santa Rita Rita o que se da non se quita.
- Antes birollo que cego de todo.
- Quen pode ir ó mufño vai e moe.
- O que a busca da con ele (ou atopaa).
- Pola santa bícase a peana.
- Vale mais andar que berrar (ou que ornear.)

## MANEIRA DE SER. AMOR PROPIO:

- Xenio e figura hastra a sepultura.
- O que di o que sente nin peca nin minte.
- Tal para cual, maragota e media.
- Xente da aldea, campana de pau (ou tropa do demo).
- Mal de locura solo a morte o cura.
- Aínda que comas azafrán, a boca que che sepa a pan



- O que se ve lúcese e se non púdrese.
- A cara é o espello da alma.
- O que polas suas mans se lastima anque lle doa non chía.

### VIRTUDES-DEFECTOS:

- Xuntouse Xan con Pedro, casamento negro.
- Mais vale maña que forza.
- Ninguén sabe o que leva dentro, pero o que o sepa non estará contento.
- Pra todos vas prô fondo, pramin vas nadando.
- Non son os cegos os únicos que tropezan.
- Pra cumprir ben non matar a ninguén.
- De sabios é cambiar de opinión.
- Ou nas mans ou nos pés has de tirar a quen és.
- Pola facha e o traxe coñécese ó persoaxe.
- Dime do que te alabas e direiche do que padeces (ou quen eres).
- O cortés non quita o valiente.
- E mais porco o que limpa que o que non mancha.
- E mellor ter que desear.
- Non hai branca sin chata nin morena sin gracia.
- Xenio e figura hastra a sepultura.
- Quen pregunta non erra.
- En terra de cegos o torto é rei.
- Oír, ver e calar dan ó home pra xantar.
- Non hai peor xordo que o que non quere oír.
- Sempre fala quen máis debe calar.
- Se a envidia fose tiña todo o mundo a tiña.
- Mais vale dar que recibir.
- Díxolle o pote ó caldeiro, aparta de ahí que me luxas.
- Despois de vello gaiteiro.
- A bo entendedor poucas palabras.
- Si che van a pedir o que non podes negar, empeza por ofrecer porque ó fin hancha de quitar.
- Cada un fala da feira asegún lle vai nela.
- Ós ditos dos vellos (ou das vellas) hai que tapa-las orellas.
- O que do mundo queira gozar ten que oír, ver e calar.
- Ano novo, vida nova.






### SABER CALAR:

- Do que non entendes non fales, que mais vale estar calado que decir barbaridades.
- O que cala amola ó que fala./Para saber calar, aprende a ben falar
- Quen teña fillo varón non chame a outro ladrón.
- Quen ten boca equivócase.
- Palabra por decir non ten chata.
- O que ten a lingua aguda ten que te-la costela dura.
- O que moito fala moito erra.
- O que moito fala moito chora.
- Como canta o credo responde o sacristán.
- Na boca pechada non entran moscas.
- O que cala, fal.
- Quen di o que quere oíe o que non quere.
- O que di o que non sabe oíe o que non debe.
- Pola boca morre o peixe.

### SABER AGARDAR:

- As casas dos señores van ás mans dos labradores.
- Na sepultura amolece a carne máis dura.
- Sempre que choveu escampou.
- Nunca choveu que non escampara.
- Non por moito madrugar sae o sol máis cedo.
- Ri mellor o que ri o último.
- O que as fai págaas.
- Tanto vai a ola á fonte que ó fin escacha.
- Barco velero fondeado se pesca.
- Se eres gallego has de cantar.
- Un clavo saca outro clavo.
- Cada porco ten o seu Sanmartiño.
- Non hai mal que cen anos dure, nin corpo que os aguante.
- Non hai mal que por ben non veña.



- Cando seas pai comerás ovos.
- O que avisa non é traidor.
- Xa cairás á man.
- Vale mais tarde que nunca.

#### O DESTINO:

- Para ser haí que nacer.
- Cando Dios non quere os Santos non poden.
- Morre o rei, morre o papa, de morrer ninguén se escapa.
- Cando chove todo é lama.
- Medra mais o que Dios axuda que o que moito madruga.
- O que mal anda mal acaba.
- A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo.
- Quen mal anda mal acaba.
- Non te rias do veciño que as tuas veñen polo camiño.
- Nunca chove a gusto de todos.
- Mal de moitos, consuelo de bobos.
- Onde as dan cobranas.
- O que nace pra chavo nunca chega a carto.
- En casa vella todas son pingueiras.
- Cando as barbas do teu veciño vexas rapar, pon as tuas a remollar.
- Cando o probe quere mallar sempre chove na eira.
- A can flaco todas son pulgas.
- O que a ser probe está condenado, tanto lle ten correr como estar sentado.
- Ó probe a muller e a gata, ó rico a pocha e a vaca (párelles).
- Mais pode Dios solo que tódolos demos.

#### A XUSTICIA e AUTORIDADE:


- Pago por pago non é pecado.
- A novorei, nova lei.
- O que neste mundo fai risa, no outro toca a chifla.
- O mandar non quere par.
- A bondade destrúe a autoridade.
- Cando o probe quere mallar sempre chove na eira.



- Coa vara que midas serás medido.
- O que a ferro mata a ferro morre.
- Olo por olo, dente por dente.
- Fai ben e non mires a quen.
- Fágase o ben e fágao Xan ou Miguel.
- O que a fai páгаа.
- Non as fagas, non as temas.
- O bo pleiteante, dixo San Tomé, boca pechada, bolsa aberta e listo de pé.
- O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.
- Si fas mal espera outro mal.
- Vale máis ruín compostura que bo pleito.
- Quen non a comera non a dormira.
- Por ben facer mal haber.
- Cen anos de guerra e non de pleitos.
- Non queiras pos demais o que non queiras pra ti.
- Unas levan a fama e outros cardan a lan.
- Fai o que debas e non o que poidas.
- Follas caídas todos as pisan, follas na árbore nin os paxaros.

### O TRABALLO:


- A muller que pouco ffa sempre ten mala camisa.
- O ben feito ben parece e o que o fai honra (ou algo) merece.
- Pau de punta e mullar deitada nin o demo as troce.
- Mais vale facer que mandar.
- O tempo é ouro.
- Val máis facelo cos dentes que mandarllo facer a ninguén.
- Cada un pra si vale por sete.
- Fai máis o que quere que o que pode.
- Mentras se capa non se asubía.
- O quere é poder.
- O que moito folga pouco medra.
- O crego, onde canta, alí xanta.
- Mais vale facer pouco e ben que moito e mal.
- Tendo saúde e comendo ben, traballar non mata a ninguén



- Do que non costa, encher unha cesta.
- Se queres ter boa fama que non che dea o sol na cama.
- Na terra daquel home o que non traballa non come.
- Deixa que comer pero non que facer.
- O que ten tenda que a atenda e sinón que a venda.
- A quen madruga Díos o axuda.
- O traballo é sagrado, non o toques.

### A DESCONFIANZA:


- Cando o río sona, auga leva.
- Nin firmes papel que non leas, nin bebas auga que non vexas.
- Maruxa foi ó río, se non lavou enxaguou.
- Di que si e dalle cun sacho.
- Escribe antes de que deas e recibe antes de escribir.
- Mais vale un toma que dous che darei.
- Co cacique e a inquisición, chitón.
- Non xogues co lume que te podes queimar.
- O que da consellos non da cartos.
- O que non mata esfolá.
- Cagallóns e mais membrelos, todos somos amarelos.
- As silveiras teñen ollos e as paredes orellas.
- Traballos á compañía, coa muller, e aínda.
- O que un pensa, outro soña.
- Feitos son razóns, e non boas opinións.
- Festa dun día pouca ruína cría, se dura mais quizais, quizais.
- Casa de dúas portas mala é de gardar.
- Quen non te conoza que te compre.
- Qun fai un cesto fai centos.
- Gaiteiro pago non toca ben.
- Se queres estar ben servido sítvete a ti mesmo.
- Se non é boi e vaca.
- Da bola e a rebola que veña o demo e escolla.
- Por detrás chámalle ó rei cornudo.
- A onde irás boi que non ladres.



- O que nada aboia, e o que non vai ó fondo.
- A onde queira que vais, sin foder non has de quedar.
- Quen te pareu que te lamba.
- Fiate de Dios e non corras.
- Pensa o ladrón que os mais tamén o son.
- Mais vale ruñn conocido que bo por conocer.
- Nunca digas desta auga non beberei.
- As risas veñen ás choras.
- Non é ouro todo o que reluce.
- Non hai atallo sin traballo (ou sin arroteo).
- Na casa grande, o que non come lambe.
- Pensa o ladrón que todos son da súa condición.
- Conta os teus dedos pero non os alleos.
- Non te ftes da man dereita que te pode engaña-la esquerda.
- O ir á guerra, navegar e casar non se debe aconsellar.
- Na terra dos lobos hai que oubear coma todos.
- O que se senta na pedra nunca fala ben dela.
- Da arbre caída todos fan leña.

#### PRECAUCION, PRUDENCIA:

- Paxariño ponte en vela que o que digan de min por outro che espera.
- Paxariño ponte en vela o que por min din, por ti non espera.
- Nin polo malo te mates, nin polo bo te agaches.
- A roupa sucia lávase na casa.
- Cos ollos non é co que mais se ve.
- A vellez vexigas.
- Mais vale perder un minuto na vida que a vida nun minuto..
- Hai que saber nadar e garda-la roupa.
- Non lle intentes dar auga ó burro si non a quere.
- Si queres ter unha vida a gusto esquece os disgustos.
- Non aventuras a correr a un mozo nin des consellos a un vello.
- Fuxir do lume pra caír nas brasas.
- A ocasión fai ó ladrón.
- Pasar de largo convén do que non che vai nin che ven.





- Quen anda a presa, ese tropeza.
- Non lle prestes a nadie o que a ti che faga falta.
- Pra mañán Díos dirá.
- Cando por pouco, cando por moito.
- Onde moitos cuspen lama fan.
- O golpe da sartén, aínda que non doia mancha.
- Costureira de Valiñas, cose de balde e pon as liñas.
- Fun pedir á casa do veciño e avergonceime, mirei no meu bolsiño e remedieime.
- A vellez vexigas.
- Se fas cen favores e deixas un non fas ningún.
- Do arbore caído todos fan leña.
- Si de ti queres que falen ben non fales mal de ninguén.

#### POLITICA:


- Reises teñamos e non os vexamos.
- Oficio de Axuntamento, honra sin proveito.
- Cousa de palacio vai despacio.

#### A VERDADE E A MENTIRA:

- Non lle agrada ás comadres que lles digan as verdades.
- Non agardan as comadres a que lles digan as verdades.
- Que mal me queren os meus compadres cando lles digo as verdades.
- Cóllese (caí, pílase, atrápase) antes a un trampón que a un coxo.

#### A PREVISION:

- Acordarse de Santa Barbara cando trona.
- O que anda ó revés anda o camiño mais dunha vez.
- Auga pasada non move muíño.
- Onde non te chaman non te metas.
- Contos de probes, peidos de burras vellas.
- Por non andar, ornear.
- Vale máis un por si acaso que un quen o soupera.
- O que non ten cabeza ten que ter pes.



- O que garda sempre ten.
- Porta aberta a un santo tenta.
- A casa roubada, portas de ferro.
- Non deixes pra mañán o que poidas facer hoxe.
- O que pode e non quere, cando queira non poderá.
- Pasou o día, pasou a romería.
- Fillo eres e pai serás, como as fixeres así as terás.
- Alá chegarás e xa verás.
- Quen pregunta non erra.
- Mais vale prevenir que curar.
- Mais vale procurar que lamentar (ou chorar).
- Home precavido vale por dous.
- O que de mozo non traballa de vello durme na palla.



#### A DESPREOCUPACION:

- Ande eu quente, ría a xente.
- Colle boa fama e bótate a dormir.
- Predícame frade que por un oído me entra e por outro me sale.
- Uns polos outros e a casa sin barrer.
- ¿Quén che mandou cantar meu frade? quen che mandou cantar que che pague.
- Mentras teñas quen che fíe non te deixes mal pasar.
- Mentras dura, vida e dulzura.
- Arde a casa, quentémonos a ela.
- Patadas de burro non chegan ó ceo.
- Díos apreta pero non afoga.
- O que algo arrisca algo obtén.

#### OPORTUNIDADE:

- O que adiante non mira, atrás se queda.
- A pouco pan, tomar primeiro.
- O que espera desespera.
- A ningún lle amarga un dulce.
- A América van moitos, pero facer fanna poucos.
- Quen chega tarde nin oíe misa nin come carne.
- Costa abaixo tódolos santos axudan.


- O que casa fai casa desfai.
- O que lle pique que se rasque.

#### MORTE:

- Contra a morte non hai home forte.
- Morre o rei, morre o papa de morrer ninguén se escapa.
- O que mal vive pouco vive.
- Mal de locura solo a morte o cura.
- O morto á cova o vivo á bola.

#### A APARIENCIA:

- Un bo traxe encubre un mal linaxe.
- Botas e gabán tapan moito mal.
- Anque visto de lan non son ovella.
- No andar e no vestir serás coñecido entre mil.
- Según te vexo según te trato.
- O hábito non fai ó frade.
- Polas obras e non polo vestido coñécese ó hipócrita.



#### A INTELIXENCIA, EDUCACION, ESTUDIOS:

- Mais discurre un famento que cen letrados.
- Vale mais unha onza de prudencia que unha libra de ciencia.
- Libro cerrado non quita letrado.
- De pequeno educarás e de grande terás.
- A arbre coñécese polo froito.
- Ninguén colle distinto froito do que sementa.
- Cada maestriño ten o seu libriño.
- A letra con sangue entra. / Se non se aprende por palabra, apréndese por pancada.

#### CONFORMISMO-INCONFORMISMO:

- Ó feito peito.
- Onde Díos saca un ben pon outro.
- O que non ten remedio mellor esquencelo.
- A quen Deus lla dea San Pedro lla bendiga.
- !Manuel! ¿tês frío?, -¿epra qué o quero se non teño gabán?.
- A grandes males grandes remedios.
- Pro que non quere caldo, sete tazas.

### A PRESA E O VAGAR:

- Canto mais presa mais vagar.
- Vísteme con calma (con coidado, despacio,...) que teño presa.
- O que moito corre nunca vai pra lonxe.
- Quen non poida andar que corra.

### VENDER E MERCAR:


- O barato leva o carto do trapo.
- O barato sale caro.
- Non compres a quen comprou, cómpralle a quen herdou que non sabe o que costou.
- Quen roga co que ten nunca vende ben.

### PAGAR E COBRAR:

- Mais vale boa queixa que mala paga.
- Pagar e morrer a última hora.
- Persona endeudada cada ano apedreada.
- Quen paga o que debe desempeña o que ten.
- Con Dios cho pague non me ferve o pote.
- O que perdona non cobra.

### A AVARICIA:

- O que moito quere non gana nada.
- A avaricia rompe o saco.
- Quen moito abarca pouco apreta.
- Canto mais se sube mais grande será a caída.
- Os mandamentos da lei de Dios, todo pra min, nada pra vós.



### CANTARES

-Teño unha, teño duas,  
teño tres, teño cincuenta,  
teño a igrexa maior  
onde todo o mundo entra.

-Unha noite no mufño,  
unha noite non é nada,  
unha semañiña enteira,  
esa sí que é mufñada..

-Unha vella cagou clavos,  
outra cagou ferraduras,  
quedoulles o cú moi quente  
de cagar cousas tan duras.

-Esta noite fun ás uvas  
afarteime de laranxas,  
veu o amo das cereixas  
e tiroume unhas castañas.

-A carballeira de Bora  
heina de mandar cortar,  
cando vou pra Pontevedra  
sácame a vista do mar

-Agarreinos polo rabo,  
leveinos ó mercado de Sevilla,  
sentadiño nunha silla  
a comer unha rosquilla

-Airiños, airiños aires,  
airiños da miña terra,  
airiños, airiños, aires,  
airiños leváime a ela

-A muiñeira e a xota  
son símbolos da nosa terra,  
máis a nosa bandeira,  
non a hai coma ela.

-Para min que son novo  
os festellos que aquí se celebran  
son alegres e divertidos,  
pero tamén se que algún día  
chegarán a ser aburridos.

-Paxariño gorrión  
onde vas face-lo niño,  
arriba do campanario  
no mais alto buratiño.

-Este pandeiro que toco  
non é meu que é do foledo,  
aínda onte comeu herba  
e hoxe toca que rabea.

-Unha vella dixo a outra  
polo buraco da porta,  
métete na túa vida  
que a miña nada che importa.

-O pirixel miúdiño  
pesadiño na balanza,  
cantas meniñas se perden  
polas moitas confanzas

-Non miro pra tí meniña  
nin prás túas faroladas,  
miro prá túa cabaz (ou piorno)  
que ten moitas coloradas.

-Lévame no carro leva  
carreteiriño das uvas,  
lévame no carro leva  
comeréi das máis maduras

-Unha vella e máis un vello  
andiveron ós cachetes,  
a vella quedou debaixo  
e o vello chantoulle os dentes

-A min chamarasme parvo,  
parvos os do teu lugar,  
que traballan e non comen  
e eu como sin traballar.

-Señor mfo Xesucristo,  
pra comer ando listo,  
Dios y hombre verdadero,  
traballar non quero.

-Nos de aquí e vos de alá  
somos tantos coma vos,  
nos comemo-lo carneiro  
e os cornos son pra vos.

-Anque botes e rebotes  
e volvas a rebotar,  
aínda teño un saco cheo  
e outro por empezar.

-Miña nai ten unto vello  
de porco que ha de matar,  
e berzas tamén na horta  
das coles que ha de prantar.

-Quixen facer un cigarro  
por non perde-lo costume,  
e reparei que non tiña  
tabaco, papel nin lume.

-Con xente que non conozas  
non gastes moita baralla,  
porque si a gastas dirá  
que algo o xufcio che falla.

-O pouco que Deus me dou  
cabe nunha man pechada,  
o pouco con Deus é moito,  
o moito sin Deus é nada.

-Contra o ceo non escupas  
que á cara che ha de caer,  
pra decir faltas de outro  
ningunha en tí ha de haber.

-Antes que a falar te poñas  
pensa no que has de decir,  
que moitos de non pensalo  
chegáronse a arrepentir.

-Teño que ir a Buenos Aires  
anque sexa por un ano,  
anque non che traia cartos  
sempre son americano.

-Goberna ti, goberna el,  
todos queren gobernar,  
ou o goberno ten mel  
ou non mo sei explicar.

-O río cando vai cheo  
leva carballos e follas,  
tamén debía levar  
ás línguas marmuradoras.

-Vaite lavar porcona,  
vaite lavar,  
se non che chega o río  
tírate ó mar.

-Estudiantiño lareiro  
que estudias detrás do lar,  
¿cándo te verei lareiro  
dando voltas no altar.

-Por cantar e por bailar  
nunca se perdeu ninguén,  
perdeuse por marmurar  
a vida de cada quen.

-Hastra a folliña do millo  
ten a sua picardía,  
garda o orballo da noite  
para beber polo día.

-O meu refaíxiño novo  
lévame o rodo acabado,  
as malas línguas do mundo  
xa lle teñen outro botado.

-O cura chamoume Rosa,  
eu tamén lle respondín,  
esta rosa señor cura  
non a hai no seu xardín.

-Por decir viva San Roque  
prenderon ó meu irmán,  
agora que xa o soltaron  
viva San Roque e o can.

-Non quero nada do dado  
que o dado algo requer,  
pedirei do emprastado  
e pagarei cando poider.

-Unha noite me colleron  
nunha fiada de lan,  
unha noite me colleron  
outra non me collerán.

-Non quero papas con unto  
nin rabizas con aceite,  
non quero ter man da cabra  
e que outros mamen o leite.

-Farruquiño anda no monte  
coa capa remendada,  
deixate andar Farruquiño,  
quen mal anda mal acaba.

-Unha copla que ti sepas  
non a cantes moitas veces,  
que a semana ten sete días  
e o ano doce meses.

-Mira que te mira Dios,  
mira que te está mirando,  
mira que has de morrer,  
mira que non sabes cando.

-María si vas  
ó río lavar,  
non meta-la roupa  
que a podes rachar.

-Domingos é o meu amor,  
a domingos hei de amar,  
domingos son días santos  
tódolos penso gardar.



-Os fillos da miña filla,  
todos meus netiños son,  
os fillos da miña nora,  
quizáis sí ou quizáis non.

-Eu ben vin canta-lo cuco  
enriba dun paspallás,  
si foi verdade ou mentira  
a min tanto se me da.

-As igrexas son comercios  
e os curas comerciantes,  
que repican as campanas  
pra chamar ós iñorantes.

-Señor cura, señor cura,  
a doutrina non lla sei,  
pídame unhas cantiguiñas  
que eu lla repinicarei.

## —varios—

### REFRANS

-O que non rouban aparece.  
-Liño e lan non queren ventán.  
-Liño e estopa á sombra.  
-O que non quere unha taza dáselle dúas.  
-Dígocho ó revés pra que me entendas.  
-Pra quen é meu pai, bastante é miña nai.  
-O que da a llaga da a meiciña.  
-A vida na aldea a quen a queira Deus lla dea.  
-Goberna Saturno, ano de patacas.  
-Cando chove todo é lama.

-A conta dos collóns apréndese a capar  
-O que merda manda, merda acarrexar  
-Traer e levar, chámase acarrexar  
-Os luns, tódolos carallos son uns  
-Mentras o pau vai e ven, descansa o lombo  
-A hora, non se enfrenta a moza  
-Un corte de machada a certa altura, parece unha  
  moldura  
-Mais vale traballar que atallar  
-Trigo que non has de colleitar, déixao de visitar  
-O que moito enfeixa, pouco ata

### DITOS

-Falando do rei de Roma, pola porta se asoma.  
-Darlle polo pau a alguén.  
-"Trompo na uña, escarabellote" ó conseguir algo.  
-Fala como un libro aberto.

# xogos e diversións

## REFRANS

- Falan cartas e calan barbas.
- O mellor das cartas (ou dos dados) é xogalas.
- No xogo tan bô é saber perder como gañar.
- As trampas de San Xoan por onde veñen van.
- Afortunado no xogo, desafortunado en amor.
- Por San Xoan, bolas ó chan.
- Polo San Martiño bolas ó tellado e trompos ó camiño.
- Polo San Martiño trompos ó camiño.
- Por San Andrés, trompos outra vez.
- En xaneiro trompos ó fumeiro.
- Por San Amaro trompos ó tellado (ou ó faiado).
- Por Santa Eulalia trompos á borralla.
- Por San Antón, trompos ó caixón.



## CANTARES

-Os dalá darriba  
cando van co gando,  
espichan a vara  
e bailan o tango,  
e bailan o tango  
e a muñeira,  
ó dalá darriba  
non hai quen os queira.

-Pra bailar e cantar  
hai que ir á vila do Grove,  
pra bailar e cantar  
tanto a muller coma o home.

## ADIVIÑAS

- Ponse na mesa, córtase, repártese e non se come (A BARAXA).
- Poño a capa pra bailar, quito a capa pra bailar, non podo bailar sin capa, e con capa non podo bailar. (O TROMPO).
- Poño a camisa pra bailar (ou a capa) e pra que baile hanma de quitar. (O TROMPO).

## RECITADOS PRA XOGAR

### OS PAIS (OU MAIORES) COS NENOS PEQUENOS:

-Cos dedos da man: empezando polo dedo meniño:

-Este é o meniño,  
este o seu sobriño,  
este o maior de todos,  
este o furabolos,  
e este o matapiollos.

-Este foi ó monte,  
este pillou un coello,  
este matouno,  
este guisouno,  
e este gordo, mais gordo papouno.

-Coas mans:

-Trasca as palmiñas, que ven túa nai,  
trasca as palmiñas que logo virá.

-Palma repalma, "chica morena",  
¿cómo a queres, grande ou pequena?  
(recítase facendo cóchegas na palma da man e según  
a resposta así se da a palmada).

-Da cara: recitábase mentras se señalaba algunhas partes da cara e remata tirando dalgunha delas:

-Este queixo queixolán,  
esta boca pide pan,  
este nariz, naricete,  
estes ollos de piquete,  
e por estes dous perliños  
tira, tira capitán (tírase das orellas).

-Este queixo, queixolán,  
esta boca pide pan,  
este nariz narizán,  
este ollo ollón, este outro ollán,  
este peliño de aquí, o rabo do can (tírase do pelo).

-Este queixo queixolán,  
esta boca pide pan,  
este nariz naricete,  
arráncate cabaleta (tírase do nariz).

-Este queixo queixolán,  
esta boca pide pan,  
este ollo pimporolín,  
este outro pimporolón,  
arráncate cabalón (tírase do nariz).


### ORACION FARA RECITAR:

-Padre Nuestro pequeniño,  
está sentado nun talliño,  
alá vou, alá irei,  
tres Marías atopei,  
preguntando por Xesús,

e Xesús está na cruz,  
coas manciñas a sangrar,  
tente, tente Magdalena,  
non llas vaías a limpar,  
que por tí han de pasar.

### SORTES: PRA REPARTIR:

- Na barca de Noé, caben todos menos usté.
- Taco, taco, número catro, ...un dous tres catro.
- Aceiteira, vinagreira,  
chas contras,  
arriba sin dar,  
dar sin dor,  
morreu meu abó,  
dar sin rir,  
dar sin chorar,  
pillar un belisquiño  
e botar a voar.



### PRA ACERTAR:

- ¿Quén che picou?  
unha avessa,  
quen che picou que aparezca.  
(ou busca a quen che parezca).
- Tuturutaina,  
María de daina,  
¿sobre de cântas?  
(pra acertar o número de dedos que se sacan , de un a catro).
- Debaixo dunha pedra,  
hai unha culebra,  
decindo que perda,  
que perda, que perda,...  
e xa perdeu . (pra que perdan os contrarios cando se salta á corda).
- Rabo de boi,  
rabo de besta,  
dixo miña nai  
que pete nesta.  
(pra acertar en que man se agacha algo).
- Rei, rei, cantos anos durarei,  
vintecinco, non o sei,  
un, dous, tres, catro...(hastra perder)

### CASTIGOS(XOGANDO O BURRO):

- Coas cartas da baraxa: dânse palmadas no lombo mentras se recita:
- Si che queda na man un rei:

-Rei, rei, rei galleta,  
túa nai ten unha maleta,  
e teu pai un maletón  
que dispara co cañón.

-Si che queda un cabalo:

-Arre cabalo,  
que vas de paisano,  
lume por riba, lume por baixo,  
hastra que caigas do cabalo abaixo.

### BURLAS:

-¿Por ónde pasa o tren?  
pola vía,  
!cala burro que xa o sabía!

-¿Vés connigo?

¿A ónde?  
á merda a Vigo.

Contraburla: -tí come-la merda e eu o pantrigo.

-Cando un dí merda outro responde "-prá túa boca non hai mellor herba".

-Cando collen a un xogando e din "pola" responde o outro "-ti come-la merda e eu a bola".

### OS NOMES:

-José pirulé,  
leva o porco polo pé,  
a galiña polo rabo,  
"caxe" porco pró mercado.

-Luís, pitís,  
copa de caña, copa de anís,  
foi á cociña (ou bodega) e rompeu o nariz.

-Miguel (ou Xosé Manuel) cachas de papel,  
arrimado a un valo, cachas de cabalo,  
arrimado a un pino, cachas de asesino.

-Si che queda unha sota:

-Unha nena e outra nena,  
outra que vende a fruta,  
e outra que mira polo balcón,  
¿cántas nenas dis que son?.

-¿Onde se viste o cura?  
na sacristía,  
!cala burro que xa o sabía!

-José María,  
pataca fría,  
churro quente  
mata á xente.

-Manolo casolo (ou pírolo) matou á muller,  
con sete coitelos e un alfiler,  
meteuna nun saco e levouna a vender,  
¿quén quere touciño da miña muller?.

-Paco, repaco,  
metido nun saco,  
pantalóns furados,  
fumando tabaco.

-Paco, Paquiño,  
vendeu a carteira,  
pra casarse coa costureira,  
a costureira,  
vendeu o abanico,  
pra casarse con Paco Paquiño.

-Vicente potente,  
pernas peludas,  
mexa na cama,  
e despois di que suda.  
(Pódese usar pra calquera cambiando o  
primeiro verso).

-Polo mar abaixo vai unha sardiña,  
dacabalo dela vai a Parisina  
(Pódense usar pra calquera nome buscando un obxeto que rime co nome, apelido ou alcume da persoa).

#### BURLAS DE ORACIONES:

-Santa María, madre de Dios,  
o que non chora, mete adediños.

-Padre Nuestro, ahí ven o maestro,  
Santificado, co pau levantado.

-"Creo en Dios padre todopoderoso"  
collín un frede e metino nun pozo,  
eu a calcar, el a chfar,  
!cala frade que te hei de afogar!.

-Paco, repaco,  
camisa lavada,  
foi á cocíña,  
lambeu a pescada.

-Seraffn da burra blanca,  
ten un galo que lle canta,  
a muller que lle asubía,  
¿Seraffn que mais querías?.

-Paco dame tabaco,  
Rafael dame papel,  
Evaristo dame un misto  
Que teño o pitillo listo.  
(Pódese usar por separado cada verso).

-Polo mar abaixo vai unha sartén,  
e o que vai dentro eche o Serén.

-Santa María, morreu miña tía,  
¿cando a enterramos?, mañán polo día.


"Padre Nuestro que estás en los cielos"  
ábreme a porta que traio xurelos.

-"Señor mñXesucristo"  
pra comer sempre estou listo,  
"Dios y hombre verdadero",  
traballar non quero.



### O REMATA-LOS CONTOS:

-Conto contado, quen xiringou o cu que xiringue o rabo.



### CANTARES DE ARROLO:

-O meniño ten soniño  
o soniño non lle ven,  
a culpa é do soniño  
que o meniño non o ten.

-Durme meu corazón  
pedaciño dun trapiño vello  
(ou... enleado nun trapiño vello),  
meu cacharriño noviño,  
o meniño máis guapiño  
do mundo enteiro

-O meu meniño  
xa vai dormir,  
pecha os olliños  
e vólveos a abrir.


-Arroló ó meu neno  
arroló ó meu sol,  
arroló un pedazo  
do meu corazón.

## ADIVIÑAS

- ¿En qué se parece un autobús ó inferno? (EN QUE NUNCA VAN OS XUSTOS).
- ¿Qué se encende primeiro, o candil, o farol ou unha vel? (O MISTO)
- ¿Qué cousa é a que vai de un a outro lugar e unhas veces fai rir e outras chorar? (A ESCOBA)
- ¿Cál é a cousa que anda na bouza e baila na casa como unha rapaza? (A ESCOBA) (A PENEIRA)
- Son un pauciño moi dereitiño, enriba da cabeza levo un puntiño (ou un mosquito) (O I)
- ¿Qué cousa é a que ten alas e non voa? (O SOMBREIRO)
- ¿Qué cousa é a que hai, que nace antes o fillo que a nai? (O FUME E O LUME)
- É mais longo ca un camiño e pesa menos ca un comino (O FUME)
- Longo coma un camiño e cabe nun pucheiriño (O FUME)
- Alto coma un piñeiro e pesa menos que un sombreiro (O FUME)
- ¿Qué pode ser mais grande que un elefante e mais pequeno que unha formiga? (O LUME)
- Salgo da sala, vou prá cocíña, movendo o rabo como unha galiña (A ESCOBA)
- Na mitá do ceo estou sin ser estrela nin luceiro (O "E")
- ¿Qué cousa é a que se rompe solo con nomeala?. (O SILENCIO)
- Son redondiño con moitos redondos e pra terme preso fúranme nos ollos (O BOTON)
- Moitas damas nun corral e todas pintan por igual. (AS TELLAS)
- Caí do campanario abaixo e non rompe, caí na auga e rompe (O PAPEL)
- Quen é ó que pra quitarlle un secreto haino que matar (O LACRE) (O SOBRE)
- Entre táboa e táboa hai un home que non fala (O MORTO)
- ¿Qué cousa é a que por moito que anda non chega a ningún sitio? (O RELO)

- Ando e ando sin parar e nunca cambio de lugar. (O RELO)
- ¿Qué cousa é a que ten cartos e medias e non ten zapatos ? (O RELO)
- Teño doce damas, e son prô teu regalo, todas lucen medias e ningunha zapatos (O RELO)
- Rodar e rodar e nunca chegar (O RELO) (O MUIÑO)
- Adiviña adiviñador: veu á casa un gran señor, cando chama toca ô timbre, é patiso e barrigón, ten dúas coitelas negras e patas de gorrión, leva no lombo chaves e ganzúas de ladrón, e anda sempre co praugas, chova, vente ou faga sol. (O RELO DESPERTADOR)
- Deitado ô pé do regueiro, come, caga e baila a un tempo (O MUIÑO)
- Unha dama entrou aquí, un galán entrou con ela, nin se foi nin está aquí ¿qué diremos que foi dela?  
A VELA.
- Anda de burato en burato sempre coas tripas arresto (A AGULLA E O FIO)
- Dous pauciños moi dereitiños e enriba deles dous olliños (AS TIXEIRAS)
- Teño follas sen ser arbore, teño lombo sen ser cabalo ¿quén me pode dar razón? (O LIBRO)
- ¿Un saco cheo de qué pesa menos? (DE BURATOS)
- A carne da muller é dura e mais dura é quen a fura, cólgalle unha tarangulla e queda con ela colgada.  
(O PENDIENTE).
- Métese un duro no medio dun blando e queda colgando (O PENDIENTE).
- O que a fai faina cantando, o que a busca buscaa chorando (A CAIXA DO DIFUNTO)
- Nace no monte, vai polo mundo e fai chorar a quen a vai buscar (A CAIXA DO DIFUNTO)
- O que a fai faina cantando, o que a busca buscaa chorando e o que a disfruta non a ve (A CAIXA DO DIFUNTO).
- Nace no monte, no monte se crfa e alí onde entra fuxe a alegrfa (A CAIXA DO DIFUNTO).
- Domingos e festas a miña voz avisa, pra que as xentes veñan á misa (A CAMPA)
- No outeiro hai unha muller que cun solo dente chama á xente (A CAMPA)
- ¿Cál é a cousa que está na bouza e ten un dente pra chamar á xente? (A CAMPA)
- Dous irmanciños moi igualiños, que solo de vellos abren os olliños (OS ZAPATOS) (OS CALCETINS)
- De noite boca arriba e de día cheos de vida. (OS ZAPATOS)

- Ten copa e non de tomar, ten alas e non de voar (O SOMBREIRO)
- Fala e non ten boca, anda e non ten pés (A CARTA)
- Unha pomba branca que voa sin ter alas, e sin ter boca fala (A CARTA)
- Blanca coma unha pomba, con alma como "la pez", fala e non ten llingua, anda e non ten pés (A CARTA)
- Dous compañeiros van polos leiros cos pés diante e os ollos detrás (AS TIXEIRAS).
- ¿Que cousa coñece usté que canto mais se lle quita mais grande é? (O BURATO)
- ¿Qué cousa é a que está de pé, ten catro patas e non se pode mover? (A MESA) (A SILLA) (A BANQUETA) (O TALLO).
- Campo branco, frores negras, un arado e cinco bestas (A MAN, A PLUMA, O PAPEL e AS LETRAS).
- Prós rapaces espiñas, prós homes frores, e prós mestres froitos (AS LETRAS).
- Pequeniña coma un rato, métese por un burato e garda a casa coma un león (A CHAVE)
- Tres son catro si reparas, dous son tres si ben se mira, sete resúltanme cinco, é un tres e non é mentira (CENTO TRINTA E TRES)
- Chámanlle a detestable, e pra agradar jocosa, e cando é por compasión chámanlle a piadosa (A MENTIRA).



## CONTOS PRA ASUSTA-LOS NENOS:

A MULLER ALTA: Conta a xente que anda por ahí unha muller alta asustando ó nenos.

A MULLER PELUDA: vai por ahí metendo sustos, colle ó meniños e lévaos prás casas vellas, alí éncheos de pelos e despois mátaos.

O SETE CHAQUETAS: é un home que ten sete chaquetas, unha por riba de outra; chega ás casas pe dindo de comer e regálalle caramelos ós nenos e despois lévaos con el.

O COCHE DO SANGRE: os vellos din que había un home que andaba nun coche e que se dedicaba a matar meniños pra quitarlles o sangue e botarllo ó coche pra que andivera.

O HOME QUITASANGRE: vai por ahí chupándolles o sangue ó nenos e deixaos a todos mortos nun cemeterio.

O HOME DO SACO: anda por ahí roubando nenos e lévaos nun saco pra comelos.

O HOME DAS BARBAS GRANDES: anda polo monte asustando ós nenos.

O MUDO: anda cun saco ó lombo e dentro leva coitelos e machetes. Di a xente que mata ó rapaces e logo mándalles o sangue ós pais pra que lle den cartos, polo menos cincocentas mil pesetas.

O TIO CALAMBRE: chámanlle tamén O Telembeque e O Chupete. E moi malo e fai que é cariñoso cos nenos pra enganalos. Dorme debaixo dos eucaliptos e emborráchase, come patacas crudas e bistés con sangue e cando caga límpase con follas de verdura. Cando alguén lle quere dar de comer dí que é veneno e non o quere.

A LOMBRIGA: hai unha lombriga moi grande que cando os rapaces se deitan a dormir deixalles regalos si foron bos polo día. Cando un neno foi malo ou non quere dormir ponno de mal humor e deixao sin ningún regalo.

O COCON: dicen que hai un bicho moi malo que anda por ahí asustando ós nenos que se portan mal e non queren dormir. Os nenos co medo que lle teñen mexan na cama.

# a superstición

## CREENCIAS


- Si se barren os pés un irmán ó outro quédase solteiro.
- Si hai na casa unha planta chamada cinta madalena as mulleres non se casan.

### -DA BOA SORTE:

Cando se atopa unha ferradura,  
criar un gato negro regalado,  
tira-lo viño.

### -DA MALA SORTE:

tira-lo aceite,  
romper un espello,  
saltar polas ventás,  
pasar por debaixo dunha escaleira,  
cruzarse cun gato negro,  
andar coas coroas dos mortos,  
bota-las barreduras fora da casa,  
atopar unha agulla,  
barreta casa en Semana Santa,  
ser martes e trece,  
matar corvos ou sapos,  
cruzarse cunha persoa coa que se leva mal.



### -AS ANIMAS:

Non se pode deixar comida na mesa sin recoller ou a louza sin lavar despois da cea porque de noite veñen as ánimas a comer nela.

De noite sempre hai que deixar auga na casa pra que veñan as ánimas.

Cando se sente petar de noite á porta son as ánimas que veñen anunciar unha desgracia.

-AS MEIGAS: son persoas que poden facer que a un lle ocorran desgracias ou remedialas. Algunhas adiviñan o futuro facendo dar voltas unha peneira enriba dunhas tixeiras coas puntas ben afiadas. Contra as meigas é bo cruza-los dedos, andar cunha figa, face-la figa cos dedos, levar allos no bolsiño, andar coa cabeza dunha vacaloura, levar un allo virxe (sin dentes), ter na casa ramos de olivo benditos ou poñer ramos de xesta nas casas.



As meigas teñen por costumbre reunirse na noite de San Xoan na fonte de Bexán en Santomé e pásala noite bailando co demo, ceando e bañándose na fonte. Pola mañán desaparecen.

Cando unha meiga deixa á porta da corte do gando unha trenza de pelo ou un sapo coxo é pra que lles ocorra algunha desgracia ós animais que pasen por riba. Contra esto o amo do gando ten que mexar enriba do sapo, botarlle sal e poñelo no lume e ó estalar rezarlle a seguinte letanía:

"con duas que che pego,  
con cinco espántote,  
béboche o sangue  
e o corazón che parto".

O FEITIZO: dise que ten o feitizo a xente que ten pactos co demo, sobre todo as mulleres, e ponse coma se estivese tola, dando berros, arrincando pelos e tirándose polo chan como si lles desen ataque de nervios. Contra o feitizo pódese escupir no peito, ou tres veces sobre o pelo que caiga ó peitearse antes de tiralo ó chan, e lava-las mans con mexo. Tamén se cura indo a tres misas á Lanzada, ou a San Benito.

O MAL AGOIRO: chámanlle ós sinais que indican que vai pasar unha desgracia. Poden ser ó ver animais (por exemplo unha mariposa chamada calavera, de cor negro, ó cagar un can diante de un), ou cruzarse con persoas que non lle queren ben a un. Tamén dan mal agoiro caer cousas, cheirar a cera, romper espellos (indican que vai morrer unha persoa da familia), etc.

O MAL DE OLLO: prodúcese cando unha persoa que lle quere mal a un o mira con malos ollos e consegue que lle suceda unha desgracia ou colla unha enfermidade. Pode afectar a persoas ou animais. Pra librarse do mal de ollo úsase un saquiño (ou corno en caso de ser pra un animal) que leva dentro cruces, medallas, plumas de curuxa ou relo, figas, imaxes de santos, cornos de vacaloura, ramos de ruda, olivo, ciprés, romeu, orégano ou trebo, e papeles escritos con esconxuros e responsos. Faise tamén a figa coa man esquerda ó cruzarse coa persoa que bota o mal de ollo e os cornos coa dereita. Estes saquiños lévanse colgados tamén contra as meigas e o feitizo.

A SANTA COMPAÑA: é coma o acompañamento dun difunto formado por varias ringleiras de pantasmas que van tocando chocallas ou campás e levan velas encendidas nas mans. Salen pola noite de enriba dos valos dos cemiterios (ás doce en punto) e desfilan por riba de aldeas e montes cantando responsos; recóllense ó amanecer. Polo sonído que fan ó recita-los responsos chámanlles tamén o "abellón". Cando alguén ve á Santa Compañía ten que escapar. Si a Santa Compañía o atrapa "dalle a facha" e faíno andar con ela toda a noite coa vela na man. Algúns despertan alelados e non se acordan de nada do

que fixeron e outros quedan moi enfermos hastra que morren.

O TRASNO: é un espírito que pon nerviosas ás persoas facéndolles trasnadas tales coma rompe-la louza polas noites, facer que se perdan cousas, sentarse enriba dos que estan dormindo, rirse en alto, acari-cia-las mozas mentras dormen, parar mufños, facer andar apurado, facer andar solas ás máquinas, tira-la tinta dos tinteiros, etc.

O MARELO: é unha especie de demo que anda polos campos coíndo as colleitas. Tamén din que ten o costume de aparecerselle ás mozas e namoralas a base de hipnotizalas.

## CONTOS

-Unha vez era o trasno (ou o demo) e estaba quitando unha espiña cun pau moi grande, pasou por alí un home e preguntoulle que facía e o trasno contestoulle que quitaba unha espiña; ó da-la volta o home o trasno xa desaparecera.

-Unha vez iba un home montado nun cabalo e atopou con outro que lle dixo si lle podía pasa-lo río . O amo do cabalo díxolle que subira; cando iban polo medio do río dixo o home : "si Deus é bo o demo non é malo, si Deus é bo o demo non é malo" e como o amo do cabalo era o demo tirouno ó río.

-Contan que hai un peneiro que ten no interior ouro. Pra conseguir entrar nel hai que coller un gato salvaxe e amarralo polas patas, darlle de comer durante tres días sin que naide o sepa e levalo a un cruce de tres camiños pra enterralo vivo coa cabeza de fora e unha faba en cada ollo e outra na boca. O día seguinte desentérrase e mátase sin que dé nin un chío. Cómense as fabas e unha delas fai que te volvas invisible e poidas entrar no peneiro de ouro e te fagas rico.

-Era un leñador que estaba traballando á veira dun río e cando se dispoñía a darlle un machadazo a unha árbore caeulle a machada ó río. Quixo collela e non pudo porque o río era moi fondo e entón apareceuselle unha fada cunha machada de ouro na man. A fada preguntoulle ¿é esta a túa machada" e o leñador respostoulle que non. A fada volveu a mete-la man no río e sacou unha machada de prata volvéndolle a pregunta-lo mesmo. O leñador volveulle a decir que non e ela volveu a mete-la man no río pra sacar a machada do home. Volveulle a preguntar ¿é esta a túa machada? e o leñador respostoulle que si. Ó vé-la fada que o home dixerá sempre a verdade regaloulle as tres machadas.

-Contan que en Corbillón había un castañeiro e a xente iba a dar voltas arredor del pra pedir desexos e estes cumpíanse.

-Unha vez era un cego que tiña moita sede e pideu auga, a xente negoulla e empezou a chover morrendo todos afogados.

## --INDICE--

### INTRODUCION .....1

#### A HISTORIA:

|                          |    |
|--------------------------|----|
| -os lugares .....        | 4  |
| -os montes .....         | 10 |
| -os cons .....           | 12 |
| -as fontes e minas ..... | 13 |
| -os cruceiros .....      | 14 |

#### AS FESTAS TRADICIONAIS:

|                   |    |
|-------------------|----|
| -O antroido ..... | 18 |
| -A Pascua .....   | 18 |
| -O maio .....     | 19 |
| -San Xoán .....   | 19 |
| -Defuntos .....   | 22 |
| -Os santos .....  | 22 |

#### O MAR:

|                             |    |
|-----------------------------|----|
| -os peixes e mariscos. .... | 26 |
| -os barcos .....            | 28 |
| -faenas e aparellos .....   | 29 |
| -o tempo .....              | 30 |
| -os mariñeiros .....        | 31 |

#### O CAMPO:

|                             |    |
|-----------------------------|----|
| -o viño .....               | 34 |
| -o millo .....              | 40 |
| -outros cereáis .....       | 42 |
| -outros cultivos .....      | 42 |
| -as árbores .....           | 44 |
| -os animais .....           | 47 |
| -can e gato .....           | 51 |
| -faenas e ferramentas. .... | 53 |
| -o tempo .....              | 54 |

### OUTROS OFICIOS .....57

#### A NATUREZA:

|                           |    |
|---------------------------|----|
| -as prantas. ....         | 62 |
| -os animais .....         | 63 |
| -outros .....             | 68 |
| -tempo e calendario ..... | 69 |

#### O HOME:

|                                                       |     |
|-------------------------------------------------------|-----|
| -o corpo .....                                        | 76  |
| -as edades. (nenos, mozos, home-muller, vellos). .... | 77  |
| -a familia .....                                      | 80  |
| -o estado .....                                       | 81  |
| -as relacións .....                                   | 83  |
| -a saúde .....                                        | 89  |
| -a comida .....                                       | 94  |
| -a filosofía da vida. ....                            | 95  |
| -varios .....                                         | 109 |
| -xogos e diversións. ....                             | 110 |
| -a superstición. ....                                 | 120 |